escolles un xornal porque che gusta como trata unha sección, outro porque che ofrece información galega, outro por outra cousa. Hai que optar pola especialización. Que temas controlas, que temas dominas, ou que temas lle podes dar un enfoque distinto. Tes que ser referencia, e ANT deixou de ser referencia en moitos sitios onde o era, por exemplo na Cultura”.

Miguel Pardo media nesta cuestión, criticando por igual os erros ou a posible falta de calidade das cabeceiras que pecharon e a de cabeceiras de se manteñen: “Claro que hai erros, pero se nos paramos a pensar, teñen os medios máis vendidos máis calidade que os que están a desaparecer ou xa desapareceron Hai erros no modelo xornalístico, pero na miña opinión estes erros afectan a todos e non só aos que fracasan, que tamén os teñen éxito”.

#### **5- Explicación 4: Erros de xestión e empresariais. Excesiva dependencia de fontes de financiamento alleas á actividade dos medios**

Os case catro anos de goberno Bipartito significaron un lixeiro aumento das axudas directas aos medios en galego, e supuxeron un incremento máis importante noutro tipo de achegas públicas (publicidade, convenios, visibilidade...), aínda que nuns casos máis ca noutros e nunha medida inferior á esperada e reclamada polas cabeceiras. As empresas informativas que editaban medios en galego elevaron a dimensión das súas redaccións, fixeron apostas xornalísticas e societarias e, en xeral, incrementaron os seus gastos, mellorando os seus produtos. Estas estratexias deixaron nalgúns casos importantes débedas que a redución do apoio público despois de marzo de 2009, a caída do mercado publicitario provocada pola crise económica e outros factores, coma a desaparición das dúas principais caixas de aforros, fixeron irremontables. Pódese pensar, polo tanto, que houbo erros na estratexia de crecemento durante o Bipartito e que houbo medios que confiaron demasiado na relación co poder afín e na súa continuidade, no canto de apostar por estratexias máis axustadas á realidade e á propia base lectora das súas cabeceiras.

Para Fran Pérez Lorenzo estas estratexias de expansión ligadas a unha boa relación co poder político foron “un erro flagrante”, pois “a convivencia co poder é a eterna hipoteca dos medios”. O xornalista pon o exemplo do *Xornal*, “que naceu ao abeiro dese poder e que tras a súa queda volveron desaparecer. Naceu como instrumento e cando a función que tiña adxudicada perdeu sentido o medio foi ‘desaparecido’ polo empresario que o alentou”. En



opinión de Rodri Suárez, “houbo unha xestión económica desastrosa e suicida, despreocupada baixo o paraguas do Goberno e pouco respectuosa e coñecedora dunha sociedade como a galega, onde era obvio que unha etapa progresista podía virse abaixo en calquera momento. No fondo, houbo demasiadas semellanzas co modelo subvencionado que se atacaba e se ataca. Por iso agora débese incidir na súa reformulación radical, non aproveitar para queixarse de que 'a min non me dan'”.

De igual xeito, Antón Escuredo recoñece que nalgúns medios aconteceu isto e “a confianza nos lectores era inferior á confianza en certas institucións. As vendas e subscricións non aumentaron máis en presenza xeográfica e de exemplares de medios como *A Peneira*”. Para Rosabel Candal, “os medios acostumáronse rapidamente a recibir axudas a cambio de afinidades ó Bipartito. Se non me equivoco, todos os medios dependen das subvencións institucionais, e non se dan conta de que se descoidan os contidos e os lectores, estarán perdidos por moita axuda pública que sigan recibindo. É como alimentar unha mentira, unha falsa imaxe”. Para David Lombao, “houbo un sobredimensionamento en base a axudas do Bipartito, unha burbulla ou directamente unha decisión de tapar os propios ollos con billetes públicos que, unida a problemas de xestións nalgúns casos, levou a un *horror vacui* posterior ao 1-M que derivou en catástrofe”. En opinión de Ramón Vilar, director de *Vieiros*, o xornal dixital “tendo unha relativa forza, tiña unha estrutura empresarial moi pouco madura. *Vieiros* chegou a unha grande altura sen haber base. É un erro que cometeron outros medios pequenos, tes que traballar só cos alicerces reais que teñas”.

Os editores de *Crónica3* críticanlle a varias das cabeceiras que “esperaban facer o mesmo que sempre fixeron os outros medios: estar achegados ao poder e vivir del. Non pensaron que neste caso as cabeceiras de sempre tiñan e moita máis experiencia, contactos e intereses”. Para Alberto Quián, “moitos medios están en mans de traficantes de información que usan os medios para os seus intereses políticos e empresariais. Outros talvez pecasen de inxenuos e pensaron que o Bipartito repetiría na Xunta e apostaron fortemente por uns proxectos moi partidistas sen atender ao que comentaba anteriormente: as carencias, necesidades, preocupacións, ilusións e reivindicacións da sociedade galega, de toda a sociedade galega”. Ubaldo Cerqueiro é tallante a este respecto: “Sempre que te alías demasiado cun grupo político, vai ter consecuencias negativas cando ese grupo non estea no poder”.

Pola súa banda, Montse Dopico cre que “algo puido haber diso, pero sinceramente tampouco creo que fose o principal problema: Os cartos para *ANT* e *Xornal* púxoos principalmente un

empresario”. Porén, Dopico incide en que hai que buscar outra relación coa base lectora e a sociedade en xeral. A xornalista aposta por unha combinación de financiamento convencional: pequenos accionistas, sexan empresarios ou non e moita rede: colaboradores, subscriptores, as figuras do socio que está ensaiando *Vilaweb*... Miguel Pardo atopa erros tamén do Bipartito, ao que acusa de non cambiar “a política de subvencións que levamos anos arrastrando”. E Antón Escuredo, pola súa banda, defende que *A Peneira* durante os anos de goberno do PSdeG e o BNG na Xunta, non tivo demasiado apoio de case ningunha consellaría: “Había un gran nivel de descoñecemento e sobre todo de desconfianza non tanto entre os políticos coma entre os responsables de prensa. A xente que gaña o que gaña tiven que explicarlles o que era *A Peneira*. Nós non pediamos tratos de favor, senón que pediamos que se nos tivese en conta o mesmo que os outros, na medida da nosa difusión nesas comarcas. Chegáronse a editar dez mil exemplares de *A Peneira* da Louriña, despois foi baixando e quedaron en catro mil. O Condado foi dende os seis mil a menos da metade. E en Ponteareas chegamos tamén a dez mil. Os dous primeiros anos foron de desbroce, case non nos atendían, por exemplo na consellaría de María Xosé Caride. Antón Losada tampouco nos recibiu nunca, Pérez-Lema si que se reuniu con nós. A escusa que poñían todos era que non eramos diarios. Era unha das reivindicacións que tiñamos os medios que estabamos na AME (Asociación de Medios en Galego), acceder a esas campañas, que eran abertas a todos os medios”.

Afonso Eiré, pola súa banda, cre que o *Xornal* “foi un fallo total, un disparate. Non podía nacer nese momento, non tiña xeito de nacer na Coruña, non tiña xeito esa liña de confrontación total con *La Voz* ou o Banco Pastor, unha concepción ligada non a un proxecto colectivo, senón a un director hiperpresente. E o meirande erro era que non fose todo en galego. E non podías ter liñas editoriais distintas en Galicia, España e Internacional. Non conectou, era un xornal que en teoría era do BNG e non tiña nada que ver co BNG. Cabreou a toda a base militante do Bloque, porque xogaba á súa ruptura”.

Alberto Quián, pola súa banda, enmarca os peches na crise xeral da prensa impresa, e na acción de editores alleos ao mundo do xornalismo: “Non obviemos que o xornalismo en papel está a reducirse a un ritmo cada vez máis acelerado e é lóxico que as cabeceiras máis pequenas sexan as primeiras en desaparecer. O único camiño posible é procurar a autosuficiencia cun bo modelo de xornalismo e un bo modelo de negocio (eu son dos que creo que non hai mellor modelo de negocio que un bo modelo de xornalismo). E coido que resulta difícil deseñar un bo modelo de xornalismo cando gran parte dos medios de información están hoxe en mans de empresarios alleos ao mundo da comunicación”. Para Antón Escuredo, o

peche de *A Peneira* debeuse principalmente á caída da publicidade: “Co Bipartito os medios en galego tivemos máis apoio que co goberno Fraga, pero houbo unha grande esperanza, unha certa confianza, no senso de confiarse, e despois o trato non foi tan bo. Por iso algúns medios fixeron movemento erróneos que despois levaron ao peche. O ano máis terrible foi o ano seguinte a marzo de 2009. O goberno de Feijóo non puxo ningún anuncio no primeiro ano, en ningún medio, e aí sufrimos todos e caemos os máis débiles. Pero claro, cartos por detrás, vía convenio, si que había para algúns. Os que non tiñan reservas foron caendo. E, en xeral, a parte comercial privada baixou moitísimo, houbo que baixar moito os prezos, pero non entraban anuncios. O *Faro* tiña os mesmos prezos ca nós na zona, e ás veces aínda os baixaba, nós competíamos directamente con eles, cos mesmos anunciantes, e tiñámolo contra as cordas. Había institucións e anunciantes que mesmo recoñecían que non se podían anunciar en nós, porque se non, os outros medios protestarían”.

## Contextos:

**Contexto 1: Estrutura da prensa galega e perspectiva histórica uso do galego:** É importante ter unha visión clara da estrutura da prensa galega, singular e complexa polo dominio que seguen exercendo nos seus ámbitos locais ou provinciais cabeceiras históricas de propiedade familiar, coa conseguinte importancia das ligazóns políticas cos poderes territoriais. E ademais cunha competencia falseada polas axudas públicas aos medios aíns, e tamén os mecanismos sociopolíticos que determinan os hábitos dunha suposta comunidade lectora ideoloxicamente aín. Porén, a iso, que é importante, hai que sumar un *algo máis*, que determina o éxito ou fracaso dun proxecto.

O número de galegos que len a prensa cada día é practicamente igual ao dos que non a len nunca: un 33,6% fronte a un 33,2%. Un 14,7% le xornais máis dunha vez á semana e un 18,5% faino os domingos e esporadicamente ou varias veces ao mes. O costume de ler diariamente tamén aumenta nos que habitan en concellos de máis de 50 000 habitantes, adultos de entre 30 e 49 anos e despunta de xeito sobranceiro nos galegos con estudos superiores, un 60% fronte a un 30%. Tamén resulta predictiva a variable de ingresos medios no fogar, xa que o hábito de ler prensa todos os días vaise incrementando segundo crecen os soldos dos cidadáns, establecéndose unha diferenza de máis de 20 puntos porcentuais entre os mileuristas galegos e os que cobran máis de 2.000 euros mensuais (21% fronte ao 43%). Na análise por áreas xeográficas destacan os residentes na zona urbana ou periurbana da Coruña, onde máis da metade da poboación le a prensa cada día, seguidos dos da cidade de Lugo e arredores, cun 44%, e dos vigueses, cun 42,2%. As mulleres len máis revistas que os homes, así como os residentes nos concellos de máis de 50.000 habitantes e os galegos máis novos –de entre 5 a 49 anos–. Son precisamente os galegos de maior idade os que amosan o dato máis negativo, un 69% non le nunca.

De xeito semellante ao que sucedía cos lectores de prensa, len máis revistas as persoas que teñen estudos superiores. Os ingresos mensuais por fogar seguen a ser unha variable influente neste hábito; dáse unha relación directamente proporcional entre os soldos dos cidadáns galegos e a frecuencia coa que len, canto maiores son os ingresos maior é a periodicidade na lectura.

Estes datos indican a importancia do público urbano á hora de lanzar un proxecto xornalístico. É alí onde se consume máis prensa, onde se concentran os grandes ingresos por publicidade e onde os medios se fan máis rendibles, tamén pola propia concentración da poboación. Tamén revelan a elevada media de idade dos lectores de prensa impresa, e a dificultade das cabeceiras para captar lectores novos. Os lectores novos, por debaixo de 35 ou 40 anos están na rede e xa non mercan xornais. Isto debe ser tido en conta á hora de analizar o éxito ou o fracaso dos medios escritos en galego.

## **Contexto 2: Lingua. Usos, hábitos e lexislación**

Un dos efectos da institucionalización foi precisamente o aumento das competencias lingüísticas en galego. A secular analfabetización en galego da maioría galegófona deu paso a unha ampla capacitación, tanto lectora como escritora, grazas aos efectos do sistema educativo e dos medios de comunicación audiovisuais, singularmente a Radio e a Televisión de Galicia. Segundo os datos dispoñibles a comezos do século XXI, case a totalidade da poboación residente en Galicia entende o galego, nove de cada dez son capaces de falalo e sete de cada dez son capaces de ler textos en galego. O proceso de substitución do galego polo castelán continúa en marcha sen que a xeira de institucionalización e oficialización fose quen de cambiar o rumbo da tendencia de fondo. Continúa a perda lenta –pero progresiva– de falantes iniciais de galego e, en consecuencia, segue en marcha a ruptura interxeracional da transmisión primaria do galego (no seo das familias e de pais/nais a fillos/as). Tocante aos usos lingüísticos, o resultado práctico é o aumento considerable dos usos bilingües, a tendencia cara á desaparición do monolingüismo en galego e o aumento lento de monolingües habituais en castelán. Hai un aumento considerable de presenza social do galego naqueles ámbitos máis intervidos: ensino non universitario, medios de comunicación públicos e administracións (autonómica e local). A vitalidade da lingua é menor no caso de sectores con menor dependencia das decisións emanadas da Xunta de Galicia (Universidades, etc.). Ademais, o galego segue tendo unha visibilidade social deficiente naqueles sectores sociais nos que prevalece a lóxica de mercado, nos que hai pouco control governamental e naqueles en que predominan os prestixios sociolingüísticos que derivan das lóxicas económicas, mercantís e empresariais. Dentro do DAFO, as debilidades radican en que non se conectou coa audiencia xuvenil e urbana e nos modelos lingüísticos “con graves deficiencias” que ofrece. Por outra

banda, tamén sinalan que hai unha presenza moi escasa da lingua galega no conxunto dos medios, especialmente nos privados.

Na prensa diaria observamos a confluencia de todos os elementos problemáticos que conducen a un escenario negativo para a vitalidade do galego: empresas cunha política lingüística, explícita ou implícita, pouco innovadora e escasamente sensible aos cambios que está a experimentar a sociedade galega; profesionais mediatizados pola política lingüística da empresa, con pouca sensibilidade lingüística e cunha formación lingüística claramente mellorable, sobre todo nos menores de 40 anos; unha sociedade galega pouco mobilizada e implicada nos obxectivos da revitalización da lingua galega; e unhas institucións públicas que, utilizando principalmente o recurso da subvención, naufragaron no establecemento dunha política real de promoción do galego mediante axudas económicas. Os editores son unicamente sensibles á falta de prestixio social que ten aínda o idioma galego, e á cal eles mesmos contribúen, pero en cambio non son sensibles a outros elementos sociolingüísticos claramente favorables ao galego. Arguméntase neste sentido que a sociedade non demanda medios en galego debido a unha falta de costume que converte en opción neutral –e, xa que logo, preferente– o castelán e en opción marcada o galego. Este argumento, sinalado por editores e tamén por moitos xornalistas, non pasa de ser unha observación sen apoio empírico coa información dispoñible a partir das investigacións máis actuais de opinión dos propios lectores de medios. A falta de autonomía dos xornalistas nas súas redaccións, actualmente, leva a que os profesionais do xornalismo tendan a reproducir as inercias lingüísticas dos medios en que traballan ou a que non teñan unha especial preocupación pola dimensión simbólica da lingua galega, e, polo tanto, a responsabilidade dos profesionais se dilúe na política lingüística implícita ou explicitamente desgaleguizadora das empresas mediáticas.

Un dos argumentos máis expresados polos xornais para xustificar a irrisoria presenza do idioma galego na prensa, establece *que o lector habitual ten dificultades para ler o galego estándar. Con respecto á lingua habitual e ao dominio da lectura en galego* os resultados son, en xeral, favorables á lingua galega. O perfil máis galegofalante é o de *El Progreso* (82,2%, suma dos monolingües en galego e os bilingües con dominio de galego), seguido de *La Región* (78,1%); un pouco menor pero superando tamén a metade dos lectores sitúase *La Voz de Galicia* (58,9%) e *Faro de Vigo* (53%); *El País* é o xornal que ten unha porcentaxe máis baixa de persoas que adoitan falar galego (43,3%), o que responde ao perfil dun lector tipicamente urbano. Aproximadamente sete de cada dez lectores de prensa afirma non ter ningunha dificultade para comprender o galego escrito nos xornais. A proporción dos que teñen moitas

dificultades é irrelevante, situándose entre o 3,4% dos lectores de *El Progreso* e o 5,5% dos que adoitan seguir a información de *El País*.

Os datos procedentes de distintas enquisas de opinión sinalan que hai un público galego interesado nun xornal integramente en galego. Sete de cada dez galegos maiores de cinco anos saben ler en lingua galega (o 68,66%). Así pois, non hai en principio un impedimento estrutural para que os xornais que se editan en Galicia poidan publicar as súas páxinas no noso idioma: a maioría da poboación pode ler en lingua galega. Este nivel de capacidade de lectura é positivo, aínda que fica lonxe do de comprensión do idioma, practicamente unánime (99,16%) e do de fala, que indica que máis de nove de cada dez galegos –91,05%– pode expresarse na súa lingua. Nunha mesa redonda que reuniu a significados lingüistas e sociolingüistas, varios dos participantes consideraron unha “anormalidade” a falla de correspondencia entre a realidade sociolingüística e o uso efectivo da lingua galega polos xornais, non só polo feito de que a práctica totalidade dos habitantes do país entenda e fale o galego, senón tamén polo que respecta á capacidade de lectura na nosa lingua na franxa de idade dos maiores consumidores de prensa: “entre os maiores de 40 anos, le en galego o 61%”, asegurou un dos participantes. En todo caso, outro dos expertos indicou a desvantaxe cualitativa que para a incorporación do galego á prensa diaria supón o feito de que o perfil sociolóxico dos galegofalantes (rural, principalmente), non se corresponda co perfil habitual dos lectores.

Se analizamos os datos por cidades, non se aprecian grandes diferenzas, agás no Concello de Pontevedra, onde os datos do censo aseguran que seis de cada dez cidadáns non saben ler en lingua galega, algo que contrasta, como veremos, cos datos de uso do galego, semellantes aos doutras cidades costeiras. Nos restantes concellos urbanos, Ferrol e Vilagarcía acadan índices de lectura en galego baixos (54 e 55%, respectivamente) e A Coruña e Vigo fican igualmente por debaixo da media galega. Pola contra, Ourense, Lugo e Santiago sitúanse por riba do setenta por cento.

En canto ao uso real da lingua, os datos reflicten unha sociedade galegofalante e monolingüe, pero con tendencia a descender. En concreto, case seis de cada dez galegos son monolingües en galego (56,85%), tres de cada dez (30,29%) son bilingües –empregan cada día as dúas linguas– e menos do trece por cento decláranse castelanfalantes. En cambio, se nos referimos tan só ás oito cidades nas que se editan xornais diarios, os seus habitantes decláranse maioritariamente bilingües, atopando máis castelanfalantes que falantes de galego. Por

ciudades, destacan en primeiro lugar Santiago, Lugo e Ourense, pola súa elevada proporción de galegofalantes (entre 38 e 44%) e reducido número de monolingües en castelán (entre 11 e 14%). Nun nivel intermedio atopamos a Vilagarcía de Arousa, cunha maioría de bilingües (44,5%), pero case a mesma cifra de galegofalantes (36,8%); e a Pontevedra, onde os seus habitantes se dividen practicamente en tres terzos segundo a súa lingua de uso cotián (aínda que se inclinan lixeiramente en favor do galego). As outras tres cidades –Vigo, A Coruña e Ferrol– caracterízanse polo seu bilingüismo (arredor do 55% dos seus habitantes), cunha maior proporción de cidadáns que falan en castelán (entre o 25 e o 30%).

Os lectores habituais de prensa que consideran que a presenza do galego debe aumentar na prensa de información xeral e no seu xornal habitual sitúase entre o 60% e o 80% dependendo do xornal. Para a maioría da poboación a lingua preferida para un previsible novo xornal editado en Galicia é o galego (51%), mentres que os que preferirían que o castelán tivese máis presenza ca o galego acada ao 11%. O resto, un 33%, opta por un xornal cunha presenza similar das dúas linguas. A maior demanda do galego para un novo xornal dáse entre a poboación menor de 40 anos, con estudos medios ou superiores que vive en entidades de poboación de menos de 10.000 habitantes e falante habitual de galego ou bilingüe con predominio desta lingua. En calquera caso, non se constata ningún grupo social que aposte por un novo xornal redactado só en castelán. Mesmo entre a poboación máis remisa, que é a que le o galego con moita dificultade e carece de estudos, as porcentaxes de preferencia dun xornal en galego son sempre superiores *ás da opción en castelán*.

Un aspecto sobre o que cómpre chamar a atención é a diglosia temática e de xéneros xornalísticos que é dominante na prensa de Galicia. Malia que a maior parte do que se publica en galego corresponde a información, os textos informativos en galego (3,04%) son moi minoritarios ao comparalos cos que se publican en castelán. En cambio, o galego está moi presente nas pezas de humor (16,38%), nas cartas ao director (11,69%), nos artigos de opinión (10,81%) e nas entrevistas (9,65%). As seccións en que se publica unha maior proporción de contidos en galego son Local, Cultura, Opinión e Galicia, que suman entre as catro máis dun 55% do total. Xa por debaixo do dez por cento, outros espazos dos xornais nos que se atopan habitualmente informacións en galego son Comarcas e Sociedade, con máis dun oito por cento cada unha. A moita distancia, con porcentaxes moi baixas, atopamos as distintas seccións de servizos (axendas, guías, grellas de programación televisiva...), que acadan o sete por cento, a sección de comunicación, con especial protagonismo para a Compañía de Radio Televisión de Galicia, e as contraportadas dos xornais, xa por debaixo do cinco por cento. Pola contra,



aquelas seccións en que é moi complicado atopar contidos en galego son Mundo (0,53%), Economía (1,87%), Deportes (1,84%), as portadas (0,09%) e a sección de España. Así pois: España, Mundo, Economía e as portadas son espazos en que o galego non ten oco nos xornais editados no noso país.

A primeira referencia lexislativa, sequera vaga, que ampara a presenza do galego nos medios de comunicación atopámola no Estatuto de autonomía, Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, no artigo 5º, parágrafo 3: “Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento” e no artigo 19º: “O goberno galego prestará apoio económico e material ós medios de comunicación non incluídos no artigo anterior que empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo”.

O 22 de setembro de 2004 o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade o Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG) (doc. núm. 17629, BOPG núm. 622, do 7 de setembro de 2004). Aínda que o Plan non ten rango de lei, si é unha iniciativa parlamentaria fundamental, dado que insta ao goberno para a súa aplicación, avaliación e presentación periódica de plans de actuación e balance de resultados. E sinala algunhas directrices de actuación:

- ✦ Chegar a acordos cos principais xornais de Galicia para que publiquen en galego as entrevistas feitas nesta lingua.
- ✦ Impulsar acordos cos diarios de maior tirada para ir aumentando a presenza do galego, ata chegar en 10 anos a un mínimo dun 30%.
- ✦ Promover un xornal deportivo en lingua galega.
- ✦ Promover máis axudas a xornais locais e comarcais que se redacten en lingua galega.
- ✦ Instar á Administración galega a realizar a súa publicidade en Galicia en galego.
- ✦ Impulsar a negociación cos xornais e cos demais medios de comunicación para que sistematicamente lle recorden ao cliente a posibilidade de facer os anuncios e a publicidade en galego.

- ⤴ Facilitarlles ás axencias de publicidade un argumentario a prol da publicidade en galego.
- ⤴ Animar os centros de ensino encargados de formar os publicistas para que o seu alumnado practique publicidade en galego.

### **Contexto 3. A lingua como tarefa e compromiso. A lingua como obstáculo/valor**

#### **1- O proxecto xornalístico e as súas relacións cos proxecto político**

Os medios impresos e dixitais en lingua galega foron ideados para desempeñar non só un papel instrumental (construción doutra axenda informativa, ser medios ao servizo da normalización lingüística e cultural...) senón para desempeñar un papel relevante na formación dun suxeito colectivo (Galicia) a través da formación de opinión pública ao redor dos intereses de país e dun tecido cidadá deliberativo para enfrontar desde a sociedade civil o diálogo coas institucións de autogoberno e reflexionar sobre os retos colectivos de Galicia. Son medios, na maior parte dos casos, de identificación patriótica como proxectos dunha certa industria da conciencia nacional de orientación galeguista ou nacionalista. Iso si, con dúas excepcións significativas: *O Correo Galego* e *De Luns a Venres*.

Luís Álvarez Pousa reivindica con acerto a "necesidade de construción interior dun espazo galego de comunicación, como garantía e como procedemento central na construción dun espazo cultural galego que lexitime e que reforce no seu caso un espazo político". Se a identidade colectiva é unha construción, un proceso, a nación pode ser entendida, polo tanto, como un *proceso de construción nacional*, e hoxe en día son os medios identifican a un dos instrumentos máis importante de construción de identidades. Os medios de comunicación transmítennos representacións e mensaxes de quen somos e a que grupos pertencemos. A través do seu consumo aséntase e constrúese tanto a nosa identidade individual coma a nosa identidade colectiva, entendida como un sentimento de pertenza a un grupo cun pasado e futuro comúns. De igual xeito, os colectivos exercen a súa identidade pública a través da visibilidade que confiren os medios de comunicación. Pode explicarse ou preverse a formación dunha nación en función do grao de cohesión dunha sociedade, medible polo nivel de desenvolvemento das súas redes de comunicación.

Porén, cómpre preguntarse até que punto o exercer esta función de construción e fortalecemento continuo dunha identidade a través do que para outros é simplemente un

instrumento de comunicación non está lastrando o traballo dos xornalistas e os contidos que producen, prexudicando a súa capacidade de incidencia social e de conexión cos lectores e coa sociedade no seu conxunto. Asistimos moitas veces a proxectos xornalísticos que sofren unha excesiva supeditación a unha función preconcebida de creación de marcos de significación ou de conformación da opinión pública ao abeiro dun proxecto ideolóxico.

Nalgúns casos é demasiado acusado o carácter de *lobby* ou think tank indisimulado dos medios. Cómpre chamar a atención sobre a función dos medios de comunicación como creadores de identidades (nacionais ou grupais de calquera caste) e tamén sobre como esta función pode lastrar o traballo xornalístico e limitar a calidade ou a credibilidade do produto informativo. A dependencia que moitos produtos xornalísticos establecen cunha supostas funcións de construción social ou política (ou as dependencias con respecto aos intereses privados ou corporativos dos seus propietarios) minguan a súa calidade e debilitanos diante da sociedade, fanos menos cribles e danan a súa lexitimidade. Como apunta Antón Figueroa: “un nivel grande de consciencia e de politización tende a converter os produtos culturais nunha ferramenta de construción da identidade cultural e tamén política, aínda que esta identidade política non estea claramente definida nin deseñada”.

En palabras de Luís Álvarez Pousa en *A identidade fronte á rede*, “a identidade galvaniza os desasosegos que produce o proceso de desterritorialización. A afirmación actual das identidades emerxentes supón o movemento inverso, o da reterritorialización”. Deste xeito, as identidades nacionais e subnacionais atopan na globalización “un contrapunto para afirmarse”, afirma Álvarez Pousa, que conclúe que “é neste contexto no que Galicia, como identidade colectiva, pode ter un espazo definido de autoidentificación”. A este respecto, Deutsch afirma que o paso dunha sociedade tradicional a unha moderna implica unha meirande mobilización social e para esta mobilización social é precisa a acción dos medios de comunicación. De igual xeito, Anderson busca a xeración da identidade nas regularidades da vida cotiá, distanciándose de toda corrente que a comprende como un produto voluntario dalgunha das formas do poder. Este tipo de creacións simbólicas son capaces de producir o efecto de unidade mediante o que o pobo aparecerá a ollos de todos “como un pobo”, é dicir, como a base e a orixe do poder político. A este respecto os medios de comunicación xogan un papel fulcral, como ben indicara Deutsch e como repite Anderson, para quen a través do consumo “case simultáneo do xornal como ficción cada comunicante está consciente de que a cerimonia está a ser repetida simultaneamente por milleiros (ou millóns) doutras persoas en cuxa existencia confía, aínda que non teña a menor noción da súa identidade. Ademais, esta cerimonia

repítese incesantemente en intervalos diarios ou de medio día a través do ano. Cal figura máis vívida poderá concibirse para a comunidade imaxinada, secular, de tempo histórico?".

Investigacións recentes apuntan nesta mesma dirección, por exemplo Philip Schlesinger analizou a o papel desempeñado polos medios no proceso de *devolución* da autonomía política de Escocia nos anos noventa: "Os media escoceses (imprensa, rádio e televisión) desempeñaron un papel fundamental na manutención do asunto da *devolução* na agenda, tanto antes da creación do Parlamento como posteriormente en moldar as percepcións públicas do novo desenho constitucional que saíu das eleccións de 6 de Maio de 1999".

As construcións culturais que estruturan as comunidades nacionais son creadas e definidas por unha *intelligentsia* (da que forman parte nun lugar destacado os xornalistas). Nos anos sesenta Lucien Pye afondou no papel que xogan os medios de comunicación no xurdimento de novas nacións, tomando como elementos de estudo diversos estados de África e Asia que recentemente acadaran a súa independencia. Pye asegura que no proceso de desenvolvemento político nacional, as noticias convértense en *noticias nacionais*, persiste o interese do vecindario (o próximo) pero agora debe ser relacionado co interese nacional: o home que fora un cidadán da súa localidade é agora autoconscientemente un cidadán da nación. Por último, a poboación debe entender *por que* están facendo ese esforzo e sentir que son parte determinante, e debe percibir asemade que se dá unha comunicación en dous sentidos. Os medios adquiren daquela seis funcións: Contribuír ao sentimento nacional, ser a voz do proxecto nacional, ser usado para axudar a ensinar as habilidades necesarias, axudar a estender o mercado efectivo, preparar á xente para cumprir os seus novos papeis, e preparar á xente para cumprir os seus papeis como nación.

Porén, teñan que cumprir os medios esta función constitutiva dunha identidade nacional ou non, é un mal principio dar por feito que para soste un medio son imprescindibles as subvencións públicas ou aspirar a que un medio se sosteña por militancia política ou lingüística. Os medios teñen lectores e teñen publicidade se fan bo xornalismo e se lles ofrecen ao seu públicos contidos de interese ou de utilidade. Alberto Quián no seu blog sinala: "Lo que tenemos ante nosotros es un problema de gestión empresarial y periodística, enmarcado además en el contexto de una crisis económica global, de una crisis sectorial del periodismo que viene ya de largo y de lo que algunos llaman la burbuja mediática, en la que tienen mucho que ver esos empresarios ajenos al mundo de la comunicación que meten sus garras en el sector para sus chanchullos políticos y empresariales (no hay pan para tanto chorizo, o lo que

es lo mismo, no hay mercado para tanto traficante de información), y los partidos que auspician proyectos de comunicación sectarios”.

Quián conclúe poñendo o foco nun elemento clave: o que conta é o proxecto xornalístico, a calidade do produto: “Ningún periódico cierra por falta de subvenciones y, en caso de que esto se produjera, deberíamos entender que se trata de un negocio deficitario y un fraude periodístico. Los medios cierran por falta de público, por falta de ingresos publicitarios, por malas gestiones empresariales, por operaciones especulativas, por aburrimiento de sus propietarios... Lo ominoso es crear una empresa periodística privada con la idea de vivir de las ayudas públicas y de favores políticos”.

## **2- Lingua. Barreira vs. Oportunidade**

Unha cuestión moi relevante á hora de analizar os medios en galego é a identificación que se produce entre o uso activo e público do galego, sobre todo en certos ámbitos coma o mediático ou o publicitario, cunha filiación nacionalista. Isto impediu até agora un meirande uso por parte das cabeceiras históricas (ou publicación de edicións dobres, coma en Cataluña) e tamén a apertura dos medios galegofalantes a públicos máis amplos (e modulou a saída como xornal imperfectamente bilingüe do *Xornal*). Para Alberto Quián, a identificación do uso do galego cunha posición política nacionalista e de esquerdas prexudica aos medios e á propia lingua: “Creo que se comete un erro estratéxico na politización do uso de calquera lingua. É obvio que no subconsciente colectivo da sociedade galega o uso do noso idioma asóciase a unha tendencia política de esquerdas e nacionalista. Non sei se é culpa dos medios, dos partidos políticos ou de quen, pero no momento no que calquera medio é identificado así, está a excluír ao sector maioritario da sociedade galega, que non creo que estea en contra do uso do galego, senón máis ben de determinados posicionamentos contrarios ou distintos aos que teñen e que identifican con partidos políticos”.

O mesmo pensa Ramón Vilar, que explica que “en Cataluña ou Euskadi, e fáloche dos directores de *Gara* ou *Vilaweb*, sorpréndense de que a situación do galego aínda estea nun estadio de inmadurez, coa lingua tan vinculada a unha opción política”. Vilar reivindica a este respecto “a normalidade de facer un medio e facelo en galego”, pois gástanse forzas inutilmente nas cuestións lingüísticas. “É un sobreesforzo. De todas as dificultades coas que un medio se pode atopar, en xeral, en Galicia e máis un medio alternativo, esta é unha dificultade máis. O reto é escribir en galego con normalidade e dirixirse a un público castelanfalante ou a un público galegofalante non tan politizado”. Tamén César Lorenzo Gil incide nesta cuestión:

“Hai unha identificación moi clara entre medios en galego e temas que teñen que tratar os medios en galego. Aínda estamos nunha visión folclórica da lingua, franquista practicamente. Collo as novas máis lidas en *ANT* e a maioría son de lingua. O que tes que facer primeiro é crear o contido para ver se despois podes interesar ao público. Fixemos unha aposta pola información económica, cunha persoa especializada nese campo. E tamén a información deportiva. Pero é difícil, tes que crear hábito, unha linguaxe e unha demanda. Era un traballo a medio prazo. E comezáramos a ver resultados: líanos e comentábanos xente, nestas novas deportivas, que nunca lería *ANT*, e iso era moi positivo para o medio e tamén para a lingua. Un medio en galego que queira ter éxito a medio prazo, ten que apostar pola economía e o deporte, e tamén pola información local”.

En calquera caso cómpre desbotar a idea de que a lingua é unha barreira, sobre todo para os medios hiperespecializados (revistas impresas ou dixitais). Cómpre entender e facer entender que o xornalismo é unha habilidade técnica e a xestión dun coñecemento sobre unha materia. Cómpre valorar as posibilidades de edición en varias linguas (ademais do galego) como vía para a supervivencia da edición galega e dos propios medios. Cómpre entender a lingua como oportunidade, sobre todo para os medios hiperespecializados (revistas impresas ou dixitais) e valorar a edición en portugués padrón como vía para multiplicar audiencias e ingresos. Aténdonos a conceptos tirados dunha caste de darwinismo económico-cultural, poderíamos achar unha explicación para o peche dos medios en galego na desaparición dos máis débiles nun espazo desregulado. Porén, aplicando eses mesmos conceptos ao funcionamento da sociedade-rede, unha lingua minoritaria pode subsistir neste espazo apelando aos conceptos de hiperespecialización habituais na rede, nun escenario de fragmentación.

#### **Contexto 4: Os medios hoxe; crise, novos modelos de negocio, perspectivas**

O xornalismo atravesará unha dupla crise: unha crise de credibilidade, profesional, e tamén unha crise económica, de modelo de negocio, á que os medios impresas responden recortando custes precisamente naquilo que lles confire especificidade e valor: o traballo xornalístico. O descenso nas súas vendas, o debilitamento da fidelidade dos seus compradores habituais, a crecente competencia pola publicidade, a fragmentación da audiencia, a dificultade para captar novos lectores (sobre todo os menores de trinta anos), o descenso dos beneficios, e por riba de todo a presión crecente dos propietarios, lévaos a adoptar estratexias cambiantes e case sempre erróneas. Ante o descenso das vendas, menos redactores; ante a multiplicidade

de ofertas e a competencia crecente, a cultura do corta-pega e a homoxeneización dos discursos.

O gran problema que teñen as cabeceiras impresas é que non son capaces de captar novos lectores, sobre todo entre os menores de corenta anos. Si están incrementando a gran velocidade as visitas nas súas edicións dixitais, pero aínda non son capaces de converter estes milleiros de lectores en ingresos. Iso constitúe a súa crise a medio e longo prazo. A curto prazo, neste momento, o principal problema ten que ver coa drástica redución nos ingresos por publicidade, por mor da fragmentación de soportes e da continuada crise económica, que levou aos anunciantes –tanto públicos coma privados– a buscar espazos máis baratos ou, directamente, a eliminar todas as partidas destinadas á promoción. Diminúen radicalmente mesmo os anuncios por palabras, as necrolóxicas e a pequena publicidade local, auténtico sostén dos xornais diarios. O futuro das cabeceiras impresas pasa pola súa especialización, arrevistamento –tanto en contidos como en fórmulas gráficas–, redución da súa paxinación, concentración da súa publicación en certos días da semana e a procura de nichos de mercado específicos.

É ben posible que desaparezan os medios impresos de masas, as vellas cabeceiras con centos de miles ou con millóns de lectores; porén, aínda se está a tempo de realizar esta transición dunha maneira planificada: os datos do último ano nos Estados Unidos convidan a un certo optimismo; non son bos, pero son moito mellores que os que se rexistraron en 2008 e 2009. De manterse a tendencia, as cifras globais do sector poderían amosar crecemento no 2011 por primeira vez en catro anos. Mudou a sociedade, mudan os soportes e o xornalismo debe atopar o seu novo espazo e establecer novas relacións con lectores e anunciantes para ser un negocio rendible. O futuro da prensa de masas está na rede, os actuais xornais impresos teñen que realizar a súa transición ao mundo dixital, onde nuns anos terán xa máis lectores ca no papel.

Os medios han de entender que no novo escenario dixital os mecanismos de financiamento mudan totalmente e deben entender que para sobrevivir teñen que buscar unha promiscuidade de ingresos que inclúa pago por lectura e subscricións (como comezan a facer os grandes xornais de referencia en todo o mundo), crear hábitos e mercados para a publicidade local (procurando fórmulas publicitarias innovadoras e axeitadas ao seu contexto), facer campañas de apoio entre os seus lectores, e mesmo aspirar a outras vías de obtención de ingresos, dende a publicación de medios de nicho ou a produción de contidos para outros

medios. O problema non é de audiencia, o problema é como traducir as audiencias en ingresos. Tampouco é un problema de falta de ingresos publicitarios. En 2010 por vez primeira os ingresos por publicidade en Internet superaron aos que foron a parar á prensa escrita. O problema é que a meirande parte deses cartos non teñen como destino os medios informativos, senón que son aproveitados por buscadores, redes sociais como Facebook ou agregadores de noticias como GoogleNews ou Yahoo!, que xestionan contidos que paradoxalmente proceden maioritariamente das edicións dixitais das cabeceiras impresas. Os medios informativos deixáronse expropiar o control do novo soporte.

Aínda que crecen, os ingresos por publicidade nas edicións dixitais están lonxe de poder soste un modelo que garanta o nivel de calidade acadado, e apenas representa aínda o 15% do total. É certo que en España, polo de agora, Internet só xera ingresos reais para os grandes xornais. As grandes cabeceiras concentran a facturación en case todos os países, mentres a prensa local e rexional ten enormes problemas para rendibilizar as súas edicións e iniciativas dixitais e acumúlanselle os competidores. As cabeceiras locais españolas non reciben máis do cinco ou do seis por cento dos seus ingresos por publicidade a través da rede, unha porcentaxe que nas grandes cabeceiras chega ao 15 ou 16%.

No futuro, a información ou a pagarán os lectores ou a pagarán os anunciantes (sexan privados ou sexan públicos, isto é, pola vía das subvencións), e o que paga a información decide o seu contido. Polo que será preferible que sexa a propia comunidade lectora a que exerza esa función directora. A cultura da gratuidade instalouse na rede e se cadra máis aínda na lectura de información de actualidade ca en calquera outro ámbito. Parece difícil que o groso das quince millóns de persoas que hoxe en día len xornais impresos en España vaian comezar a pagar por ler eses mesmos xornais na rede. Pagarase por información de calidade, pagarase por información en profundidade, pagarase por información útil, aínda que sexa produto de procesos de agregación ou curación, pero non se vai pagar por información repetida ou rutineira. En calquera caso ninguén parece disposto a pagar un euro diario nin unha subscripción de 300 euros ao ano. Tampouco os xornais necesitan iso; coa redución dos custes de impresión e distribución, apenas necesitan un terzo desa cantidade para ser rendibles. O que sucede é que Internet introduciu tamén novos hábitos de consumo da información; xa non se le un xornal, lense tres, catro ou dez, aínda que sexa superficialmente ou buscando en cada un seccións ou autores específicos. É por iso que os medios deberán procurar alianzas e a constitución de plataformas de difusión para seguir sendo atractivos para os lectores que pretenden converter en subscritores.



En Galicia, á situación de crise xeral das empresas xornalísticas, apuntada anteriormente, hai que sumar outros factores, como a diminución das achegas públicas ofrecidas pola administración autonómica, recortes en axuda directa e investimento publicitario que chegan, entre nós, ao seu terceiro ano e que no resto das comunidades comezan agora a aplicarse. Outro factor diferencial ten que ver co elevado número de cabeceiras por habitante coas que conta Galicia, superior ao de calquera outro territorio do Estado, e que até o momento foron sostidas artificialmente a través de axudas públicas de todo tipo e do apoio de entidades financeiras (as dúas caixas) desaparecidas este ano. Un terceiro factor ten que ver coa meirande importancia da prensa de penetración (*El País*, *ABC*, *El Mundo*), que até o de agora se mantiveran en cifras de difusión pequenas, convertendo a Galicia na segunda autonomía do Estado con menor incidencia da prensa de Madrid, só superada por Navarra; a debilidade dos medios galegos e do propio espazo galego de comunicación, así como exitosas estratexias de distribución conxunta (e a mellora das súas edicións galegas, no caso de *El País* e *ABC*), provocaron o aumento da penetración destes tres xornais, reducindo o 'anaco de torta' restante para as cabeceiras editadas en Galicia.

Estes factores non explican o peche das cabeceiras en lingua galega, pero dende logo supuxeron un elemento de presión máis para estes medios. Nun escenario de maiores dificultades son os medios máis débiles e pequenos os primeiros en ver ameazada a súa supervivencia. Pódese aludir a que *Atlántico*, *La Región* ou *El Ideal Gallego* non se atopan en mellor situación económica que a que tiveron *Xornal*, *Galicia Hoxe* ou *A Nosa Terra*, pero tampouco a súa continuidade está asegurada.

## Evolución da prensa en galego na últimas décadas

Poñendo como punto de partida a restauración democrática de finais dos setenta (para non remontarnos a períodos anteriores), pódense establecer distintas etapas para a prensa editada en galego. Dende unha primeira vaga de medios impresos non diarios, nados a partir dunha masa social ampla e activa e realizando unha aposta por un xornalismo moi ideoloxizado, valente e de moita calidade en moitos casos: *Teima* (1976), *A Nosa Terra* (1977), *Mancomún* (1980). Destes, só tivo continuidade (até 2011) *A Nosa Terra*, aínda que se pode interpretar que a experiencia, o espazo social e as formas de facer xornalísticas de *Teima* foron recollidas por *Galicia Internacional* (1995) e *Tempos Novos* (1999). En 1984 nace *A Peneira*, xunto con *O Sil*, a aposta polo xornalismo local-comarcal en galego máis sólida das últimas décadas. Hai que agardar até 1994 para ver o primeiro xornal diario escrito integramente en galego, con *O Correo Galego*, que mudaría unha década despois (2003) para ser *Galicia Hoxe*. O derradeiro fito deste breve resumo ten lugar en 1996 co nacemento de *Vieiros*, o primeiro xornal dixital galego, que estivo activo durante máis de 14 anos.

Todo isto produciuse en paralelo co proceso de creación e fortalecemento do autogoberno e a constitución dunha administración económica que foi gañan capacidade económica e poder político e que sobre todo dende finais da década dos oitenta comezou a achegar importantes cantidades económicas aos medios de comunicación. Sempre, ou case sempre (agás o breve período do Goberno Tripartito, cunha forza conservadora (AP/PP) no poder. Até 2000 prodúcense, polo tanto, avances na creación dun espazo de comunicación (dixital e impreso) en galego sobre a base dunha diversificación non competitiva e non redundante: un diario, un xornal dixital, un semanario, unha cabeceira comarcal e unha revista mensual. Diversificación non competitiva pero tampouco colaborativa, pois a primeira iniciativa de cooperación destes medios chegará en 2004 coa creación da Asociación de Medios Escritos en galego promovida por *A Nosa Terra*, *A Peneira*, *Galicia Hoxe*, *Vieiros*, *O Sil* e *Tempos Novos*.

Entre o 2000 e o 2009 asistimos á ampliación e consolidación do espazo dos medios en galego co nacemento de novas cabeceiras comarcais, coma *O Sil* (2000) e *Terra Cha Xa* (2003), a creación do mensual soberanista *Novas da Galiza* (na rede en 2002, en papel en 2005), a mudanza de *O Correo Galego* para converterse en *Galicia Hoxe* (2003), ou o lanzamento por parte do grupo Progreso do gratuíto *De luns a venres* (2006). En paralelo, o xornalismo dixital fortalécese e comeza a chegar a públicos masivos, desprazando á prensa impresa entre os menores de corenta anos. Neste proceso, aínda que só fose facendo virtude da necesidade,

nacen ou aséntanse varios medios de comunicación profesionais en galego na rede, cubrindo a demanda social e a necesidade dunha parte da sociedade de informarse na súa lingua de escolla. Nace *GZNación* (2006) e *Galicia Confidencial* (que en 2008 pasa de ser un blog a ser un xornal), *A Nosa Terra* convértese en diario na rede (2007), e *El Progreso* prioriza a súa fiestra dixital, en galego, a través de *Xeracionweb* e despois de *Galiciaé* (2007)... Ademais, nacen novas formas de comunicación na rede, coma os foros e despois os blogs, creándose o concepto do 'blogomillo' para designar ao numeroso e diverso conxunto de espazos persoais publicados en galego na rede. A Rede convértese no terreo da competencia pola propia evolución e crecemento xeral deste soporte. Por un lado intensifícase a presenza en Internet dos medios en papel (*Galicia Hoxe*), créanse plataformas dependentes de Grupos de Comunicación (*Galiciaé*), e nacen novos xornais dixitais (como *GzNación*, *ANT Dixital*), que completan e compiten coa oferta de *Vieiros*. Pódese dicir que nese momento, de forma clara, o galego gozaba de mellor saúde nos bits ca no papel.

Ademais, aparecen novos proxectos asociados a *Tempos Novos (ProTexta)* ou a *A Peneira*, que se redefina como un proxecto de información de ámbito galego. En xeral, todos os medios, sobre todo a partir da chegada ao poder de PSdeG e BNG en 2005 amplían as súas redaccións como consecuencia directa do reforzamento das políticas de apoio (aumento significativo das axudas públicas vía subvención, convenios, patrocinios e insercións publicitarias) á produción cultural e a comunicación en lingua galega, e tamén como consecuencia das fundadas esperanzas en que ese apoio non só se ía manter senón que ía aumentar. Aumenta, así, a estrutura empresarial e o tamaño das redaccións. Por exemplo, *Vieiros* que funcionara con dúas persoas na redacción até 2005, coa dirección de María Yáñez dá o salto a seis, e cando en 2007 bota andar *ANT Dixital* xa o fai con sete xornalistas. Todo este proceso, que agroma en 2005, é consecuencia directa dunha onda de cambio político que arrinca coa catástrofe do *Prestige* e que culmina con esa formación do goberno de coalición progresista e galeguista.

Prodúcense outra serie de cambios, tanto no mercado de prensa, coma na mentalidade dos seus promotores, caracterizados en xeral por unha meirande capacidade de risco e a abertura de horizontes, co obxectivo posto en ampliar cuantitativa e cualitativamente as súas audiencias previas. É o caso de *A Nosa Terra* ou *Vieiros*, que inician movementos para modificar en parte os seus referentes temáticos e os actores nestes medios representados, co obxectivo de consolidarse en novos públicos. Pódese dicir que *A Nosa Terra* e *Vieiros* eran medios nacionalistas/galeguistas ao encontro con outros segmentos progresistas

referenciados electoralmente ao PSdeG e cara aos sectores galeguistas do Partido Popular (exemplificados nas sinaturas de Rafael Cuiña en *Vieiros* ou de X.M. Barreiro en *ANT*).

É igualmente significativa a aposta da Editorial Compostela a partir da chegada ao poder do Bipartito de especializar *Galicia Hoxe* para o público galeguista-progresista e de convertelo nun importante referente informativo para os movementos sociais e altermundialistas e ecoloxistas, grazas a súa colaboración con *Altermundo* que dirixía Manoel Santos e grazas tamén ao reforzamento da opinión crítica, como exemplo coas colaboracións de X.M. Beiras. De igual xeito é moi importante a aparición, reclamada longamente durante os anos anteriores, de investidores privados que se decidisen a apoiar iniciativas xornalísticas situadas no espazo político do galeguismo e en galego; velaí a entrada do Grupo San José no accionariado de *A Nosa Terra* e a posterior aposta polo bilingüe *Xornal de Galicia*.

Polo tanto, entre 2004 a 2008 consolídase un mínimo espazo de comunicación en galego, con medios de moi distintos tipos, soportes, periodicidades e ámbitos territoriais. Procúrase a ampliación da audiencia diversificando unha oferta competitiva, no ámbito dixital altamente competitiva:

—Xeralistas na Rede: *Vieiros*, *GZ Nación*, *ANT Dixital*, *Galicia Confidencial*...

—Diario en papel: *Galicia Hoxe*

—Semanario: *A Nosa Terra*

—Mensual: *Tempos Novos*, *Novas da Galiza*.

—Prensa comarcal: *A Peneira*, *O Sil*, *Terra Cha Xa*...

—Gratuítos: *De Luns a Venres*.

Porén, entre 2009 e 2011 sobrevén a crise, na que desaparecen todos os medios dixitais apuntados (agás o *Galicia Confidencial* e unha versión moito máis modesta do *Galicia Hoxe*). Entre os impresos, desaparecen *Galicia Hoxe*, *A Peneira* e *A Nosa Terra*, ademais de *Xornal de Galicia*. O obxectivo deste informe non é a análise exhaustiva de cada cabeceira, dos acertos e erros cometidos, senón a procura de modelos máis ou menos viables, en función das experiencias pasadas e da análise da actual situación do mercado de medios en Galicia e das demandas da sociedade galega en materia informativa. Porén, quixemos explorar nas causas

da desaparición de medios tan importantes como *A Peneira*, que durante máis de 25 anos foi un medio de referencia nas comarcas do Condado e A Louriña, o semanario *A Nosa Terra*, con máis de trinta anos de historia e que dende 2007 se atopaba nun proceso de fortalecemento informativo e empresarial, e o dixital *Vieiros*, pioneiro do xornalismo electrónico en Galicia.

### **A Peneira**

*A Peneira* abandonou un modelo e un escenario no que se desenvolvía ben, no que era exitoso, procurando unha expansión controlada a outras comarcas a partir do ano 2004, con bos resultados nalgunha delas (en todas agás no Baixo Miño) pero tamén a un ámbito galego no que procuraba incrementar sobre todo os seus ingresos por publicidade. *A Peneira* era antes de 2005 un xornal comarcal que funcionaba ben, moi ben mesmo, como medio informativo e xerador de opinión na súa área (O Condado, A Louriña...). A abundancia achegas do Bipartito abriulle novas posibilidades de expansión e crecemento que non se podían desaproveitar, pero en calquera caso puidéronse conducir por camiños máis axeitados. *A Peneira* era unha excepción no pobre sistema de prensa local e comarcal galego e nunca debeu perder esa perspectiva. Si puido, por exemplo, aproveitar o contexto favorable para ensaiar experiencias semellantes noutras comarcas. A expansión polas cidades de Vigo, Santiago e Coruña, por exemplo, así coma a orientación galega que lle deu á súa web pódense analizar se cadra non tanto como un erro, senón coma unha sobrevaloración das súas forzas, que puido restar un esforzo informativo e comercial que podería ter sido empregado en ámbitos local-comarcais despois dun estudo previo de mercado (como de feito fixo en certos espazos). Porén, o peche definitivo non tivo que ver tanto co relativo fracaso desta aposta de expansión coma co descenso brusco dos seus ingresos, provocado pola crise publicitaria que dende 2009 afecta a todos os medios.

A aposta pola expansión de *A Peneira* levouse a cabo contando cunha importante remesa de recursos propios: 250.000 euros en capital social na fundación de *A Peneira Condado S.A.* (que contrastan cos 3.000 euros de Alén Miño). A empresa acumulou reservas negativas no período considerado polos resultados negativos que vira rexistrando a empresa desde 2005, pero a peche do exercicio de 2008 a empresa acumulaba uns fondos propios de mais de 200.000 euros e unha capitalización próxima ao 60%, polo que o peche da cabeceira non foi motivada por un problema de solvencia –a diferenza doutras empresas analizadas no presente informe– senón de rendibilidade, cando en ningún dos anos considerados se conseguen resultados

brutos positivos. A estratexia de *A Peneira* revelouose exitosa durante algúns anos, atendendo aos ingresos de 2007 (case 300.000 euros fronte aos 40.000 euros de 2005 e 114.000 euros de 2006, todos eles ingresados por Alén Mino). Porén, a crise publicitaria afectoulle moi gravemente e, en 2009, o se afundimento foi total: vóltase aos 40.000 euros que se atinxiran en 2005.

Antón Escuredo, un dos promotores de *A Peneira* dende 2004 defende que a expansión se fixo con cabeza, comarca a comarca: “hai que ter en conta como era a situación de *A Peneira* en 2004. Era un quincenal, cun xornalista que ademais marchaba e unha persoa dedicada exclusivamente a facer o suplemento de deportes. Revitalizamos o proxecto, que estaba moi estancado na súa área: Pontearreas, O Condado, Louriña, Val Miñor e Baixo Miño. En xuño xurdiu a posibilidade de facer unha cabeceira local na zona da Louriña: Porriño, Mos e Salceda. Tanteouse o terreo a nivel de publicidade, aínda que había moita publicidade que xa estaba no xornal, na parte dedicada a eses concellos. Viuse que había interese nalgúns concellos en ter un medio independente. Fixémolo tamén no Condado e tamén funcionou moi ben. Por último, no Baixo Miño non había publicidade, pero o editor decidiu sacalo igual, e aguantou seis ou sete meses sen publicidade, lastrando ao resto, que si daban beneficios, até que tivo que pechar. Ese foi un primeiro erro”.

Escuredo explica que no 2005 cambiouse a maquetación, dándolle un ámbito máis galego, coa pretensión de chegar ás cidades, sobre todo Compostela e tamén en menor medida a Vigo, A Coruña, Lugo e Ourense: “Eu mesmo distribuía o xornal de cidade en cidade; había distribución en quiosco, a través de Boreal, nalgúns bares, bibliotecas e casas de cultura, de forma gratuíta, e nalgúns eventos determinados. De súpeto atopámonos que había xente interesada en anunciarse que antes nin coñecía *A Peneira*. A venda directa daba para pagar a distribución, a clave estaba na publicidade. E con esa estratexia fomos tendo máis anunciantes, abrindo mercado, facendo suplementos distintos sobre distintos eventos, feiras, festivais..., tamén se montou o *Kalaikia*, polo empuxe de Diego Giráldez. Cos suplementos de eventos fomos gañando publicidade deses lugares: Ordes, Arzúa...”

## **Vieiros**

*Vieiros*, ademais duns terribles buracos financeiros na súa xestión, caeu no erro de confiar en exceso na súa ligazón co poder político e no mantemento do Bipartito, no canto de potenciar a

súa relación cunha comunidade lectora que era ampla e fiel. *Vieiros* chegou ao seu teito en 2008, cunha media de 25 mil usuarios únicos ao día. Ramón Vilar valora o momento: “2008 foi o boom máis forte, cun grande ascenso de visitas. En 2006 tiñamos unha media de 8-9 mil. E pásase a 10-12 en 2007. E en 2008 chégase a 20-25 mil. En 2009 xa se comeza a baixar algo, e péchase con 13-14 en 2010. Estamos falando de visitas totais, non de usuarios únicos. A relación era de 1, 1'5, é dicir, os 25 mil eran uns 15 mil usuarios únicos. A nivel mensual chegouse a 90 ou 100 mil”.

O crecemento a partir de aí pasaba por converterse na referencia informativa na rede non só para o nacionalismo, senón para un público moito máis amplo. E tamén por renovar a condición de *Barrio galego na Internet* a través do traballo conxunto, horizontal e colaborativo con moitas das iniciativas xornalísticas, musicais, audiovisuais e sociais que neses anos agromaban no país, na auténtica explosión da Internet en Galicia. Por aí se apuntaba o seu potencial crecemento. O proxecto de *Vieiros*, dun medio dixital aberto, galeguista e progresista, combinando traballo xornalístico, difusión cultural e construción colaborativa era xornalisticamente viable.

### **A Nosa Terra**

En *A Nosa Terra* son apreciables erros de xestión económica, pero sobre todo xornalística, con dúbidas á hora de facer un produto dixital máis aberto politicamente e sobre todo pola perda de calidade do produto impreso, pouco especializado, sen un espazo de lectores claro. En *A Nosa Terra* investíronse moitos cartos, pero o novo semanario non logrou interesar a unha comunidade de lectores máis ampla có semanario previo, e tampouco soubo captar ingresos publicitarios moi superiores. Houbo unha mala xestión xornalística e unha xestión económica que nun momento determinado non soubo asegurar a supervivencia do proxecto.

A negativa evolución e posterior peche do grupo Promocións Culturais Galegas e o seu medio de referencia, *A Nosa Terra*, está marcada polos acontecementos observados en dous anos concretos: 2006 e 2009. No ano 2006 prodúcese un cambio na propiedade da empresa, e os novos donos actualizan a situación contable da empresa: recoñécense depreciacións de existencias, créditos incobrables e perdas nese exercicio que se traducen nunha caída de todas as partidas de fondos propios (capital, prima de emisión e reservas) de 1,44M euros en 2005 a -130.000 euros en 2006. Os anos 2007 e 2008 representan un período onde o incremento da

dimensión empresarial e o entorno mais favorable non se traducen nunha mellora significativa da situación financeira da empresa (principalmente no que se refire a resolver o problema de descapitalización). Por último, en 2009, o desfavorable entorno económico (e para a empresa tamén político) tradúcese nunha caída de ingresos do -33% nun só ano, que non se viu acompañada de correccións significativas dos gastos de explotación, dando como resultado unhas perdas de -550.000 euros, inasumibles para unha empresa que xa entón atravesaba problemas graves de capitalización.

No caso de *A Nosa Terra* chama a atención que os maiores ingresos corresponden aos anos 2000–2001 (0,35M euros de media) e 2002–2003 (0,65M euros de media). Isto vén desmentir en parte que o apoio económico do Bipartito inflase artificialmente unha empresa que coa chegada de Feijóo ao poder non puido manter esa dimensión. Os importes na etapa do Bipartito son, con todo, significativos (0,5M anos 2006 e 2007), para caer por debaixo de 0,2M en 2008–2009. Os gastos de explotación representan unha contía mais ou menos estable en torno ao 90% do volume de ingresos, agás nos anos 2006 e 2009 onde se producen os principais desaxustes que motivan, anos despois, o peche da empresa. A partir de 2006, por exemplo, dúplícanse os gastos de persoal (de 0,4M antes dese ano, a case 1M en 2008 e 2009).

O que fora director de *A Nosa Terra* durante moitos anos, e na última etapa conselleiro delegado, Afonso Eiré, incide na falta de apoio do goberno Bipartito (especialmente do PSOE, pero tamén dende o nacionalismo) ao proxecto: “Xa antes da chegada do Bloque ao poder había a idea nas órbitas de poder do nacionalismo que só con ANT non chegaba, que había que facer un diario, aquela iniciativa de Antón Baamonde. Iso leva a unha desafección en certos sectores, de mestres, e temos perdas nos libros de texto. En realidade a dirección do BNG nunca estivo contenta con *ANT*. A UPG si, case toda, pero outras ramas do Bloque non”. Ademais, incide nas dificultades postas polo último goberno de Manuel Fraga ao proxecto de converter *A Nosa Terra* nun medio diario: “No número 500 tiñamos unha ampliación de capital en marcha e o proxecto de sacar un diario en papel. Daquela o problema tivémolo co PP de aquí; nós tiñamos unha débeda co Banco Exterior, que nos condonaran. Pero anos despois aparecen 48 millóns de débeda, por unha chamada que fai Pérez Varela a Fraga, Fraga a Aznar, e Aznar a Francisco González. Esa débeda cubrímolos con créditos persoais. Pérez Varela sabía que iso nos impedía saír co diario”.

Eiré explica a aposta realizada pola empresa en 2007 para modernizar e ampliar os horizontes do semanario, convertido tamén en dixital diario e láíase das dificultades formuladas sobre



todo polo Partido Socialista: “Co centenario, nós decidimos dar un salto, comezar co dixital e cambiar o semanario, a nivel estético e tamén de contidos. Isto non foi entendido polo PSOE, que boicoteou o proxecto, contrariamente ao que pensabamos. Mesmo anuláronos contratos que tiñamos con consellarías do PP, e o feito de que Miguel Barros estivese aquí entendérono como un acto de agresión. Caballero e outros alcaldes do PSOE tamén anuláronos convenios. No primeiro ano perdemos por ese motivo uns 430.000 euros. E sectores do BNG vírono como unha desnaturalización. E no resto do BNG o apoio foi moi pequeno, para a estrutura de 32 persoas que daquela tiñamos”.

En opinión de César Lorenzo Gil, coordinador de *A Nosa Terra Diario* entre 2008 e 2011: “hai que analizar en que situación estaba *ANT* en 2007, cando se celebra o centenario, entran novos accionistas e se remodela o papel e se crea a edición dixital. Nese momento o proxecto estaba extenuado, cun grupo de xornalistas e colaboradores que levaban anos de traballo moi voluntarista e activista. E o apoio social era máis histórico que real, perdera influencia social nos espazos que non ocupaba o nacionalismo, pero tamén no propio nacionalismo. Xa sabemos como é o nacionalismo galego e *ANT* pagou cara a certa independencia que tivo en moitos momentos. *ANT* tamén se fora pechando sobre si mesma. No 2007 chegárase a un punto de non retorno. No 2007 xorde unha oportunidade histórica, intentouse medrar”.

Pola súa banda, Eiré nega que nesta última etapa o semanario perdesse apoio social: “Chegabamos a unha difusión de cinco mil exemplares, tres mil subscritores e 1800 nos quioscos. Durante o Bipartito, *ANT* mantivo subscricións, gañamos por un lado e perdemos polo outro. Pero si que nos distanciamos da base do nacionalismo. Porque ademais nós non podíamos ser o medio do goberno. É máis fácil facer xornalismo á contra que a favor”. E explica o peche definitivo do semanario na crise publicitaria e sobre todo na crise das caixas, que impediu unha renegociación das débedas que o grupo arrastraba dende as etapas anteriores: “Despois chega a crise, baixa a publicidade. E finalmente volve o PP e pasa o das caixas. Con Caixanova fixéramos un plan de redución de débeda, ligado ao ERE. Con ese plan de viabilidade a cinco anos, feito co subdirector xeral da caixa, déronos largas. En febreiro nós cobrábamos as subvencións e os pagos da Xunta. A Xunta debíanos 480.000 euros, pero non nos pagaron. Cando a Xunta entra en Caixanova coñece a nosa situación e o día seguinte a nós anunciar o ERE, a Xunta concede as axudas aos medios. Non sei se por presións do PP, o señor Gayoso anula o plan de financiamento de *ANT* e di textualmente 'que lle dea os cartos o Bloque', xusto no momento no que o Bloque apoia a lei do PP. Queríamos manter o dixital, pero unha denuncia da CIG, representando a tres traballadores, obriga ao peche. Iso lévanos a

liquidar a empresa por completo”. Así e todo, Eiré amósase optimista de cara ao futuro do xornalismo en galego e sobre un posible regreso de *A Nosa Terra*: “As empresas son un instrumento, o que importa é o proxecto, que sempre volveu, e volverá”.

Para César Lorenzo, *A Nosa Terra* tivo nesta última etapa dous problemas, un xornalístico e outro empresarial, que impediron o seu crecemento a pesar de contar con máis recursos profesionais e económicos: “No tema empresarial, pouco podíamos facer nós, pero sempre llo recordabamos á empresa. *ANT*, efectivamente, sae do seu nicho, pero iso non se percibe fóra da xente que xa coñecía *ANT*. Non houbo unha campaña de publicidade, non había ese coñecemento social, e non só entre xente que podía ter prexuízos ideolóxicos. Creo que o produto era máis atractivo, máis aberto, incluíu novas seccións, un suplemento para nenos... Había nichos de mercado que non se aproveitaron, porque non se explorou ese mercado, porque a revista non era coñecida neses ámbitos”. Pola súa banda, a nivel xornalístico, explica “creo que a clave foi que tivemos moi pouco tempo. Pasamos de estar en xuño cun semanario en branco e negro, a facer en decembro unha revista nova, mellorada, e máis o dixital. O dixital non era unha fonte de ingresos, era unha fonte de traballo, moitos recursos xornalísticos. O esforzo foi tan brutal, tanto no papel coma no semanario, que ao final non acabamos de facer ben nin unha cousa nin a outra. Co dixital queríamos conseguir que a xente nos vise como un xornal coma os demais, pero en galego, facendo un gran traballo de normalización”.

## **Nodos críticos. Fortalezas, debilidades, oportunidades desbaldidas**

### **1- Aspectos xornalísticos e de contidos.**

#### **Debilidade para confirmarse como medios de referencia**

As publicacións en galego non conseguiron converterse en medios de referencia, nin ofrecerlles aos seus lectores un relato da actualidade suficientemente amplo e abrangente e cunha calidade necesaria para competir en pé de igualdade coas restantes cabeceiras xeralistas, líderes en candanseu territorio de influencia. Os medios en galego, mesmo *Galicia Hoxe* (e practicamente se podería dicir o mesmo do bilingüe *Xornal*), e moito máis os que tiñan frecuencias de publicación máis amplas non pasaron de ser “segundos medios”, “medios complementarios” ou de “contraste informativo”. Só en situacións puntuais ou co tratamento exclusivo, dedicado ou experto de certos temas se pode considerar que algunha das cabeceiras en galego foron referenciais. Por exemplo, foino *Vieiros* durante a catástrofe do *Prestige* e con tratamento informativo de certos temas; *Galicia Hoxe* no conflito lingüístico co goberno Feijóo, *Galicia Confidencial* cando visibiliza informacións agochadas polos grandes medios e *Tempos Novos* ao dedicarlle un dossier monográfico con pezas de expertos temáticos.

Para Ramón Vilar, director de *Vieiros*, “o éxito pasa por un facer un proxecto de bo xornalismo, sobre todo. Temos que ser autocríticos: nos medios en galego non se fixo bo xornalismo; ollo, tampouco se fixo cos medios en español”. En concreto, Vilar salienta que “foi un erro tentar competir no mesmo nivel de número de temas e alcance temático con *La Voz*, xogar a ser un medio convencional sen estrutura para facelo. Leva a que un redactor faga seis ou sete novas ao día”.

#### **A debilidade das súas axendas informativas**

Os medios en galego en xeral tiñan dificultades para ampliar os temas da axenda oficial ou oficiosa que sinalan os grandes medios en castelán, e en realidade non eran máis flexibles para facer converxer a axenda de preocupacións cidadáns coa axenda de preocupacións mediática. Polo tanto, eran igualmente febles para autonomizarse ou condicionar a axenda política. O feito de non ser medios de referencia ou “primeiros medios” para case ningún lector impediu que estas cabeceiras chegasen de forma continuada ou fiel a un número amplo de lectores, a unha audiencia masiva. En consecuencia, tamén limitaba o seu atractivo publicitario. Mesmo así, estes medios poderían ter optado por constituírse en referentes nalgunha área

determinada, mediante a especialización en determinadas áreas, como de feito fixo *Galicia Hoxe* con Cultura e Medio Ambiente, o *Xornal* coa sección de Economía en certos momentos ou *A Nosa Terra* con Cultura nos anos oitenta e noventa. Fixérono nalgúns casos, e nisto radicaba en certa medida a súa capacidade de influencia na axenda informativa. Porén, botouse en falta unha maior profundización informativa en certos temas e en xeral é criticada no caso de *A Nosa Terra* e *Vieiros* a súa preocupación por desenvolver unha axenda xeralista, demasiado convencional e un excesivo interese por homologarse con cabeceiras dunha dimensión moito maior coas que de ningún xeito podían competir.

En xeral, os medios en galego funcionaron en moitos momentos baixo a síndrome do lector baleiro (a idea que os lectores galegofalantes/comprometidos coa lingua unicamente se informan nos medios en galego), obviando a súa posición de desvantaxe competitiva fronte aos medios en castelán. Esta análise esquecía que a inmensa maioría dos lectores das cabeceiras en galego, por moi comprometidos que estivesen coa lingua, se informaban tamén na prensa en castelán (en moitos casos de forma preferente). Os medios en galego acababan así ofrecéndolles aos seus lectores máis fieis un produto semellante ao que podían ler nos medios en castelán, cunha calidade inferior en moitos temas e coa única diferenza de estar escrito en galego. Esta sensación de contar con 'lectores de seu' (concepto discutible mesmo na prensa escrita, pero inexistente no dixital) provocou unha sobrevaloración da súa importancia e bloqueou en certos momentos as posibles estratexias de colaboración cos medios en galego.

**Medios formalmente xeralistas, pouco especializados e con áreas relevantes fóra do foco de atención (economía, mundo da empresa...)**

Os medios en galego apostaron por ofrecer unha información xeralista, centrada na política galega, na cultura e na lingua, e deixando moi descoidados o resto dos temas, que ás veces eran tratados con axencias, notas de prensa, ou pezas informativas de moi escasa elaboración e contido moi semellante ás das restantes cabeceiras. Recoñécense nalgúns medios intentos por reforzar determinadas áreas, coma as seccións tecnolóxicas dalgunha das cabeceiras dixitais, esforzos por ofrecer unha información deportiva distinta –por exemplo en *Vieiros* ou *A Nosa Terra*– procurando outros temas e outros protagonistas que apenas eran cubertos pola prensa tradicional, unha grande atención ás problemáticas ambientais e, en xeral, aos movementos sociais (*Vieiros* e *Galicia Hoxe*) ou a preocupación por ofrecer unha axenda

temática distinta na información internacional (*Vieiros*) e polos movementos e pensamento altermundialista (*Galicia Hoxe*).

No entanto, unha sección que estivo permanentemente desatendida nos medios en galego foi a económica, sobre todo no que atinxe á análise, á información empresarial, pero en certa medida tamén á información de consumo ou da economía solidaria. Nalgúns casos primouse a información de perfil sindical como substitutivo, noutros a razón a escaseza de xornalistas especializados en materia económica resentiu a presenza de contidos socioeconómicos e empresariais. Non foi o caso de *Xornal* que puido liderar a axenda informativa en moitas cuestións económicas, chegando a novos lectores e posibles anunciantes.

Ademais, a ausencia de páxinas salmóns de información económica e empresarial converteuse nunha pexa para abrir cancha ás novas publicidade, tamén de pequenas e medianas sociedades, ademais de autónomos e emprendedores. Impúxose unha lei non escrita: “se non falan de ti, nin do que te interesa, non te anuncias”. En contraste con isto, podemos situar a lonxevidade e boa saúde da *Revista Eco*, de información especializada en economía, editada en lingua castelá, cunha ollada centrada en Galicia e cunha orientación galeguista e progresista.

**Orientación cara a xéneros pouco competitivos (micronoticias no canto de reportaxes, xornalismo de investigación, análise de tendencias) fronte á potencia dos medios en castelán.**

Un dos problemas que se advirten en varias das cabeceiras desaparecidas, é a súa obsesión por abranguer un abano demasiado amplo de temas e unha produción dun número de pezas informativas demasiado grande para a estrutura das súas redaccións e a súa capacidade económica para pagar traballo xornalístico. Esta característica é común a case todos os medios pequenos, sobre todo os dixitais, que aproveitan a relativa facilidade, rapidez e custes reducidos da elaboración de contidos na rede (empregando ferramentas coma o hipervínculo a outras fontes, a tradución automática ou directamente o copiado e pegado de notas de prensa ou informacións de axencia) para a multiplicación cuantitativa dos seus contidos, aínda que todos ou a maioría deses temas estean xa publicados, co mesmo tratamento e maior profundidade e inmediatez, noutros medios.

No canto de buscar nichos de público determinado, ou aproveitar as posibilidades de especialización nunhas seccións ou temas, moitos medios pequenos, optaron por dirixirse, cunha gran febleza de recursos, ao mesmo público masivo e xeralista da prensa tradicional,

con redaccións moito maiores e un público moi fiel. En moitos dixitais, desta maneira, en vez de tentar aproveitar as vantaxes da inmediatez, da posibilidade de publicar unha información antes que a prensa de papel do día seguinte, podendo así marcar e liderar as axendas informativas, tendeu-se a facer o contrario, converténdose as súas portadas nun reflexo degradado dos temarios da prensa de papel dese mesmo día; é dicir, en vez que ir por diante do xornalismo impreso, o xornalismo dixital ía por detrás, e ademais cunha profundidade menor. A maiores, botouse en falta nalgúns medios un maior contido informativo, detectándose unha sobrevaloración da importancia da opinión, seguramente máis doada de obter cun menor investimento de recursos económicos.

### **Confórmanse máis como produtos culturais que como produtos comunicativos: o esforzo normalizador fronte á esforzo comunicacional**

Xa se comentou noutro apartado as dificultades engadidas que para os medios supoñen a asunción dunhas determinadas funcións políticas ou de normalización e potenciación da lingua galega, ou cando menos que esa imaxe se proxecte da sociedade e nos posibles lectores. O uso da lingua galega pode entenderse como un obstáculo engadido, aínda que non entre os menores de cincuenta anos, habituados dende hai tempo a ler en galego. Ademais, os estudos realizados até o momento sobre esta cuestión indican que os galegos, nunha maioría case unánime declaran non ter dificultade ningunha en consumir medios de comunicación escritos na lingua propia de Galicia.

Se cadra, o obstáculo non está no propio uso da lingua senón na autorrepresentación (ou na proxección da imaxe pública) de que un medio, ademais de cumprir mellor ou peor a súa función informativa, está cumprindo, ademais, unha función política (expresa ou non) a favor de construción de Galicia ou dun proceso de normalización lingüística, alén das asociacións ideolóxicas que a partir desta análise moitos lectores poidan facer. Algunhas cabeceiras non só non intentaron relativizar o peso deses compoñentes, senón que os potenciaron, chamando á sociedade galega a consumir ese medio non pola súa calidade, senón a través dunha apelación á lealdade á lingua. Isto non significa que estes mesmos medios non tivesen contidos de grande interese e unha calidade que en moitos casos superaba á dos seus competidores en lingua castelá, pero ás veces isto ficaba agochado detrás dunha aparataxe ideolóxica que se ben valía para fidelizar a unha parte do público, afastaba a outros grupo moito máis grandes. A vía de sentido contrario apenas se transitou: activar o prestixio do produto informativo como bandeira de enganche de novos lectores (galegofalantes ou non). Si que o fixo o *Xornal*,

bilingüe, e si que o fan con toda a normalidade moitas cabeceiras locais e comarcais, moi exitosas na súa meirande parte, que se dedican, simplemente, a informar do que ocorre na súa contorna, converténdose en medios de referencia para todo tipo de públicos independentemente da súa escolla lingüística persoal.

## 2- Cuestións empresariais e de xestión

### **O seu carácter de produtos complementarios ou de prestixio do grupos empresariais os que sostían. Fracaso das estratexias de ampliación empresarial durante o Bipartito.**

Entre as cabeceiras en lingua galega, sobre todo entre as que desapareceron, atopamos pouco exemplos nos que a edición dese medio de comunicación fose a finalidade principal ou o grosso do volume de negocios da empresa que o promovía. Si o é no caso de Tempos Novos, O Sil, Galicia Confidencial ou o Novas da Galiza, e si o era no caso da Peneira. Porén, se analizamos caso por caso o resto das cabeceiras que pecharon nos últimos dous anos, atopamos con que nin *Vieiros*, nin *A Nosa Terra*, nin *GZNación*, nin *Galicia Hoxe* (e tampouco o é no caso de *De Luns a Venres*) representaban o núcleo das súas empresas editoras. *Vieiros* era un produto de presentación (prestixio) e banco de innovación tecnolóxica dunha empresa de comunicación en Rede (*Acordar*). *Vieiros*, que en certa maneira chegou a ser practicamente autosustentable, é dicir, nun determinado momento non lle supoñía custes engadidos a *Acordar* (autosustentable pero dependente do favor político dunhas administracións públicas afíns que supoñían a meirande parte dos seus ingresos a través de convenios e publicidade), mesmo nese momento non era máis que unha parte minoritaria do negocio de *Acordar*. *A Nosa Terra*, era matriz dun grupo editorial que o acabaría opacando desde o punto de vista empresarial; a meirande parte dos seus beneficios viñan precisamente da edición de libros. Tampouco *De Luns a venres* (nunha posición complementaria respecto de *El Progreso*) ou *Galicia Hoxe* (respecto de *El Correo Gallego*) ocupaban espazos de centralidade dentro das súas empresas, o que no caso do xornal compostelán puido explicar a decisión final da empresa editora de abandonar a publicación da edición impresa e a redución da edición dixital ao mínimo.

Como apuntan Xabier Doporto e David Peón no seu informe, a edición en galego dos grupos Editorial Compostela e *El Progreso*, *Galicia Hoxe* e *De Luns a Venres*, é marxinal, tendo en conta que os respectivos xornais en castelán (*El Correo Gallego* e *El Progreso*) representan o cerne dos mesmos. Podemos aseverar que a achega a cifra de vendas de ambos grupos non

superaría en ningún caso o 10%. Concretamente no grupo Progreso, que conta co maior medio de comunicación en galego, “Galicia Proxectos de Comunicación SL”, filial que edita *De Luns a Venres*, aportaba en 2009 un 9,75 % da cifra de negocio do grupo. En xeral, o que predomina é o amateurismo, a ausencia de plans de negocio traballados e serios a dependencia de actores externos (administración, grupos editoriais con outros intereses...) e a escasa rendibilidade. No informe destácase “a significativa incapacidade de xerar beneficios das empresas onde a edición en galego e a base do modelo de negocio. Así, nos últimos 10 anos só Garherve conseguiu uns resultados medios positivos. Destacase que dada a estrutura de propiedade das distintas empresas, de carácter familiar ou ben onde os propietarios son traballadores a un tempo, fai que a prioridade non sexa a obtención de beneficios senón o mantemento no tempo do negocio, de xeito que a retirada de beneficios se realice vía salarios en moitos casos. No caso dos medios que operan exclusiva ou fundamentalmente na rede, a súa mantenza vena mais polo voluntarismo dos seus partícipes que pola rendibilidade do negocio, á espera de que se consoliden modelos de negocio máis rendibles en Internet.

Mesmo no caso do Xornal, a pesar de ser editado por unha sociedade (Xornal de Galicia, S.A.) participada maioritariamente por Udramedios, sociedade do Grupo San José destinada fundamentalmente á publicación deste diario, poñendo en relación o volume de negocio xerado polas actividades xornalísticas co volume total do grupo construtor, atopamos con que, de novo, o negocio da información ocupa un papel moi subalterno. Desta reflexión podemos chegar á conclusión de que no momento actual, no que polo cambio do modelo de negocio da prensa -transición dixital e fragmentación de mercados e audiencias- e pola propia crise económica, as marxes de beneficios posibles das empresas informativas son moito máis reducidas do que o foron nas últimas catro décadas, á prensa non lle senta ben o ser o negocio subsidiario de grandes sociedades. Podemos chegar a esta conclusión a través da análise micro do espazo galego de comunicación, pero en xeral atopamos exemplos de todas as dimensións nas que a inestabilidade xerada pola dependencia de decisións empresarias totalmente alleas ao funcionamento normal dun medio de comunicación acaban co peche de medios que noutras circunstancias poderían terse asentado no seu mercado. Por dicilo doutro xeito, os medios de comunicación fanse a lume lento, necesitan tempo para fidelizar aos seus lectores e anunciantes e gañar credibilidade. Por moi inestable que sexa o negocio da prensa, moito máis inestable é depender de negocios alleos que nun momento determinado poden decidir o fin dun proxecto xornalístico.



Con todo, cremos que existe un considerable mercado para medios que publiquen en galego, cun mínimo de quince mil lectores diarios para os medios escritos e máis do dobre para os medios dixitais. A través dos datos analizados David Peón e Xabier Doporto observan que, coa estrutura típica de custos existente na actualidade, unha empresa tería que facturar de media por riba dos 140.000 euros para ser rendible, non desbotando importes menores para estruturas de custes mais liviáns. Porén, moitas das cabeceiras non foron quen de chegar a esas cifras, entrando en situacións de endebedamento que acabaron co seu peche. Neste senso destaca a aposta de Atlántica (*Tempos Novos*) por un nivel de endebedamento mínimo, o mesmo que *A Peneira* mostraba uns niveis de endebedamento moi baixos, o que apunta que o seu fracaso empresarial non se debeu a un problema de endebedamento senón de rendibilidade. Pero en xeral, todas as empresas do sector xornalístico en galego son claramente menos rendibles que a media do sector. So Garherve consegue unhas cifras estables e positivas, aínda que algo lonxe do sector en termos de marxe comercial.

**Limitacións para ser núcleos de estratexias multimedia (dificultades do salto do papel á rede, desvinculación cos medios audiovisuais (televisión, radios locais...) e a incapacidade para animar estratexias colaborativas**

Os medios en galego renunciaron en practicamente todos os casos a facer apostas multimedia, limitándose os medios escritos a ese soporte, e os dixitais á rede. Houbo pequenos intentos, que non pasaron de ser proxectos a medio prazo, coma o proxecto de *A Nosa Terra* de levar a cabo emisións radiofónicas. Mesmo no caso do Grupo Compostela, editor do *Galicia Hoxe*, as súas emisoras de radio e televisión –Radio Obradoiro e TV Compostela– gravitando en todo momento exclusivamente sobre *El Correo Gallego*, sen apenas colaboradores ou enlaces con *Galicia Hoxe*.

Tampouco se ensaiaron sinerxías entre os distintos medios en galego, ou proxectos de colaboración multimedia entre os medios escritos dixitais e os radiofónicos ou televisivos, a pesar da súa complementariedade. Neste sentido, pódese facer fincapé na inactividade ou inutilidade da Asociación de Medios Escritos en galego (AME) máis aló de funcionar como lobby reivindicativo diante da Xunta para negociar as axudas polo uso da lingua. A AME, da que hoxe só seguen funcionando dous dos seus fundadores (*Tempos Novos* e *O Sil*) nin sequera chegou a estar constituída formalmente, pero podería ter servido para a realización de moitas accións conxuntas entre os medios en galego, procurando sinerxías tanto a nivel xornalístico, como económico e comercial ou de cara á súa promoción na sociedade. Ou cando menos

debería ter servido para ter unha comunicación constante entre todos os medios, e para un coñecemento recíproco. En Galicia detéctase que existe un descoñecemento moi grande sobre a existencia, funcionamento ou características de iniciativas moi semellantes coas que sería moi factible a colaboración ou mesmo a converxencia. En Catalunya, por exemplo, a asociación de promotores de revistas en catalán (APPEC) ten xa 150 cabeceiras asociadas, levando a cabo distintas actividades como asociación, tanto de lobby corporativo, sinerxías e intercambio de servizos e contidos, como iniciativas como Quiosc.cat, supermercado móbil de revistas e agora portal de dixitalización e distribución. En xeral, pódese criticar a varias das cabeceiras desaparecidas ter amosado un excesivo personalismo e individualismo en certos momentos; a mesma crítica pódese aplicar a unha parte importante desa comunidade lectora que reclama medios en lingua galega, egoísta e sectárea en moitos casos, incapaz de ver as súas afinidades obxectivas coa liña editorial dalgúns medios, por riba de pequenas diferenzas.

**A fragilidade das políticas públicas de apoio e as subvencións como pilar da sustentabilidade dos medios.**

Mal comezamos se damos por feito que para soste un medio así son imprescindibles as subvencións públicas, o que non significa que haxa que manter unha posición contraria a que as empresas informativas reciban axudas públicas, transparentes e en libre concorrencia, e que impliquen contrapartidas informativas ou de modificación da liña editorial marcada polos xornalistas. As mesmas axudas públicas que recibe calquera empresa e sector, coma o automobilístico, neste caso moito máis importantes (mesmo en termos relativos de euros por traballador) que as recibidas polos medios de comunicación. Os medios en galego recibían subvencións, o mesmo que os medios editados en lingua castelá, e de feito as análises que se fagan a este respecto teñen que abranguer a todos os medios e centrarse non tanto en se un medio recibe máis ou menos axudas, senón en que medida as súas marxes de beneficios ou a súa mesma supervivencia dependen destas achegas externas. Se cadra o debate que se pode establecer é a conveniencia de que as administracións públicas en Galicia sosteñan de forma artificial medios de comunicación, creando unha falsa situación de libre mercado na que sobreviven medios sen apenas incidencia social que, con todo, impiden o nacemento ou crecemento de iniciativas cun mellor traballo profesional, máis asentadas na sociedade ou que responden a unha demanda real.

No informe elaborado por Peón e Doporto achéganse indicios que apuntan un claro medre das axudas públicas aos medios en galego no período 2005 a 2008, coincidindo co goberno Bipartito na Xunta. Entre os anos 2000 e 2004, no período de Goberno de Fraga Iribarne hai unha tendencia a estabilidade para o conxunto do universo estudado, entre os 982,657 euros do ano 2003 e os 438,350 euros do ano 2004. En todo o período non se declararon ingresos no epígrafe superiores ao 1M eur. No ano 2005 prodúcese un salto significativo e os valores roldan os 2M euros (picos de 2,69M e de 1,54M eur). Finalmente, coa chegada ao poder de Núñez Feijoo prodúcese unha caída que reduce este epígrafe a 1,32M euros.

Unha vez analizados os resultados sobre as distintas empresas, obsérvase que os medios que se viron mais beneficiados das axudas son os que entraron en concurso unha vez que desapareceron, e non foron capaces de adaptarse a unha situación de mercado que retornou aos niveis de principio da década. Sen entrar a valorar a dependencia dos medios (tanto en galego como en castelán) das subvencións e ingresos da administración, si resulta especialmente relevante apuntar como decisións empresariais tomadas nun contexto favorable (incrementos da dimensión empresarial, abertura de novos mercados, etc.) poden resultar moi contraproducentes cando os apoios públicos ou a situación de mercado reverten. En tres das empresas -Promocións Culturais, Carrumeiro Media e A Peneira- atopamos un incremento de facturación moi acusado durante a época do goberno Bipartito e curiosamente son as tres que presentaron concurso de acredores en datas recentes. Estimamos que unha das posibles causas da falencia destes medios viría dado polo redimensionamento das empresas cara uns maiores ingresos agardados, que se viron truncados pola crise e o cambio de goberno na Xunta de Galicia, de xeito que as empresas non souberon reaccionar axeitadamente ante a nova situación.

En paralelo con estes datos, queremos introducir outras cuestións ligadas tamén co apoio público (obrigado por lei) aos medios de comunicación en lingua galega e que escapan das axudas económicas directas (subvención, publicidade, convenios, merca de exemplares) ou indirectas (redución do IVE, vantaxes fiscais...). Bótanse en falta nos últimos trinta anos de autonomía outras políticas de apoio aos medios en galego, que deberían ter complementado as achegas económicas realizadas. Por exemplo, a visibilidade dos medios en galegos nos medios de comunicación pública, que poderían ter axudade á súa difusión fóra dos grupos de lectores máis informados ou comprometidos coa lingua. Ou tamén o reforzamento dos medios como actividade empresarial; o que as administracións foron facendo foi dar peixes no canto de ensinar a pescar. As súas achegas contribuíron á supervivencia de medios que nacían en

situacións de franca inferioridade con respecto aos seus competidores, pero non permitían o crecemento e fortalecemento destas empresas para poder, nalgún momento, competir en termos de igualdade económica.

### **3- Cuestións sociais.**

Lectores pouco implicados, invisibles (audiencias irrecoñecibles) e (teoricamente) con sesgos ideolóxicos moi acusados (lectores galeguistas/nacionalistas...). Comunidades minimalistas de lectores e de anunciantes. A dificultade para ir máis alá destes sectores política ou lingüísticamente militantes. Incapacidade para vender estas audiencias aos anunciantes.

Estes aspectos foron analizados previamente, pero queremos facer fincapé en que, ademais da reclamación que os medios de comunicación poidan facer sobre a necesaria responsabilización de certos sectores da sociedade galega para os medios de comunicación que din reclamar e que son máis afíns coas súas visións do mundo, dende o lado dos medios é precisa a realización de certas tarefas e estratexias de sedución e fidelización das audiencias que en moitos casos non se fixeron. De igual xeito, algunhas cabeceiras foron incapaces de deberse aos seus lectores concretos, limitándose a funcionar como medios expresivos da súa comunidade lectora. En xeral, detectouse falta de diálogo e interrelación, de interpelación igualmente, en relación aos lectores sobre os que se asentaban ou deberían terse asentado os proxectos.

#### **Ausencia de estratexias de adaptación fronte á crise (retirada á Rede, crowdfunding...)**

A lingua galega no seu momento fixo virtude da necesidade e penetrou con forza na rede (*Vieiros, ANT, Blogomillo, Chuza...*). Foi unha oportunidade aproveitada en primeira instancia, nuns anos nos que a meirande parte dos medios dixitais nativos en Galicia empregaban o galego de maneira exclusiva ou maioritaria. Foi, a partir do 2009 un escenario e unha oportunidade que se acabou por desaproveitar.

Na rede, en certa forma, os contadores volven a cero. Atopámonos no medio dun proceso de transición de soporte para o xornalismo escrito, sobre todo, da prensa de masas en papel, en vías de desaparición, á prensa dixital, de masas e de nicho. E neste escenario novo, aínda que as fidelidade e hábitos pasados tamén xogarán o seu papel, os novos actores teñen a oportunidade de igualarse en visibilidade social coas cabeceiras máis consolidadas. Tamén a

nivel económico, pola menor esixencia de achega de capital e de ingresos que teñen os medios dixitais. A prensa en galego, moi minoritaria no papel, tivo a oportunidade de preparar un futuro dixital no que puidese competir de forma máis equilibrada cos grandes medios editados en castelán. Esa primeira oportunidade, durante a que se fixeron apostas moi interesantes, perdeuse. Porén, de novo a característica líquida da rede, na que os liderados e credibilidades son máis fráxiles ca nos soportes físicos, pode reabrir en calquera momento esta fiestra de oportunidade para o xornalismo feito en galego, sobre todo na medida en que as apostas dixitais das grandes cabeceiras seguen sendo moi tímidas (salvando as excepcións de *El Progreso* e *La Opinión*).

## Modelos de medios. Fortalezas e debilidades

### 1- Modelos de medios

**Medios de periodicidade ampla, especializados tematicamente:** *Tempos Novos* (xornalismo en profundidade, debate).

Atlántica de Información e Comunicación de Galicia, S.A. (*Tempos Novos*) conta cunha forte capitalización, que contrasta cunha evidente falta de rendibilidade e eficiencia. Os gastos de persoal agochan aparentemente un reparto de beneficios vía salarios, polo que a continuidade deste medio pasa pola mellora de marxes comerciais, ou o compromiso dos socios de recapitalizar a empresa cada certo tempo. O principal aspecto positivo de Atlántica e o seu baixo nivel de endebedamento e dispoñer de elevados niveis de capitalización desde hai anos, pero isto contrasta coa evidencia de que a actividade empresarial mostra claros signos de falta de rendibilidade e eficiencia, o que se traduciría –de continuar esta tendencia– nunha descapitalización da empresa nun prazo duns 10 anos. O volume de negocio tamén evidencia o mellor entorno para a empresa atravesado nos anos 2006 a 2008, pero case en calquera situación a empresa mostrou unha certa incapacidade de xerar marxes comerciais e resultados netos positivos, principalmente polos incrementos desmesurados no epígrafe de gastos de persoal. De 2000 a 2005 a empresa obtén uns ingresos estables en torno a 120,000 euros. Durante os anos do goberno Bipartito dispáranse as vendas ata un 50%, e en 2009 vólvese ao nivel de vendas precedente. Pódese inferir polo tanto que unha parte significativa dos ingresos extraordinarios deses anos procedían de publicidade institucional ou subscricións da administración pública. A partida ‘outros ingresos de explotación’, onde habitualmente viaxan os ingresos por subvencións, tamén se disparan de 2005 (2.500 euros) a 2007 (30.000 euros) para volver a niveis significativamente menores en 2009.

**Medios de periodicidade ampla, especializados ideoloxicamente, cunha comunidade de lectores pechada pero comprometida:** *Novas da Galiza, A Nosa Terra* antes de 2006...

*Novas da Galiza* (Minho Media) obtén preto de 50.000 euros de ingresos anuais, dos que apenas 5.000 euros corresponden a ingresos por vendas e publicidade do xornal *Novas da Galiza*. A maior parte dos ingresos proceden de cotas de socios (aproximadamente a metade dos ingresos) e o mantemento da web da sección de servizos da CIG ([www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)). A empresa precisa incrementar algo o nivel de ingresos para achegarse ao seu umbral de rendibilidade. En calquera caso estamos a falar de perdas reducidas, uns 2.000 euros anuais.

**Medios locais, vinculados a unha comunidade territorial concreta e moi traballada xornalística e comercialmente:** *A Peneira, O Sil, Terra Cha Xa, O Periódico de Lalín.*

*O Sil* está editado por unha empresa local e practicamente “unipersoal” que representa o único caso de éxito dentro do universo de empresas con modelo de negocio centrado na publicación en galego. Como aspectos positivos a destacar, mostra altos niveis de liquidez (tesouraría vs. activos totais, se ben isto pode ser indicativo de recursos ociosos), escaso endebedamento e unha moi boa xestión dos parámetros de gastos: amortizacións aceleradas, xestión dos impagados impecable, xestión de persoal con flexibilidade e adaptada as circunstancias das vendas, gastos financeiros moi contidos no tempo e con tendencia a eliminación... Que a empresa non tena destinado –en ningún momento ao longo de 6 anos– os saldos excedentarios en tesouraría a incrementar a capacidade produtiva da empresa é un claro indicador de que a propiedade considera que o modelo de negocio da empresa seguirá centrado na comarca de Valdeorras (onde posiblemente non sexa posible incrementar moito mais a súa influencia) sen mostrar interese por dar o salto a outras bisbarras. O umbral de rendibilidade está nuns ingresos anuais de 140 mil euros, o que fai que teñan que centrarse en mais dunha comarca para ser viables. Se extrapolamos as medias facturadas por *A Peneira* e Garherve S.L., (*O Sil*), estaríamos a falar dun mercado paralelo ao global galego que aínda tería potencial de medre e consolidación. Garherve S.L., (*O Sil*) representa o único caso de éxito dentro do universo de empresas con modelo de negocio centrado na publicación en galego. Mostra unha elevada liquidez, escaso endebedamento e moi boa xestión dos gastos de explotación, e aparentemente a decisión consecuente da dirección de manter o modelo de negocio centrado na comarca de Valdeorras.

**Medios online diarios e con traballo xornalístico:** *Vieiros e ANT (2007-2009)*

**Medios gratuítos diarios:** *De Luns a Venres* (con importante apoio público, pero aproveitando sinerxías e resistindo mesmo nun momento de vaguada para os gratuítos de papel). *De Luns a Venres* chegou a distribuír 40 mil exemplares diarios, converténdose no xornal diario en galego con máis difusión na historia. De todas as empresas analizadas, a mellor situación financeira e evolución durante a última década corresponde a *El Progreso*. Fortemente capitalizada, cun endebedamento equilibrado, crecemento orgánico e elevada resistencia ao ciclo económico, evidenciada nunha caída de ingresos e beneficios en 2009 inferior a media do sector, unha marxe comercial sostida e un nivel de endebedamento adaptado a situación económica. Por outra banda, observando en concreto os datos

desglosados correspondentes a Galicia Proxectos de Comunicacions, S.L., editora do xornal *De Luns a Venres*, comprobamos que os ingresos anuais –1,6M euros en 2008, 1,4M euros en 2009- o sitúan como o principal referente da prensa en galego (só Promocións Culturais Galegas tiña maiores ingresos, pero dependían en maior medida da edición de libros que do xornal *A Nosa Terra*). En cambio, os resultados mostran que tampouco o xornal gratuito consegue entrar en números positivos, se ben melloran co tempo.

## **2- Modelos de viabilidade cuestionable**

**Medios impresos diarios sostidos case exclusivamente con axudas públicas:** *Galicia Hoxe*.

**Medios online diarios máis ideolóxicos que xornalísticos:** *GZNación*.

Carrumeiro Media, S.A. (*GZ Nacion*), polo que se deduce dos datos contables, centraba a súa actividade na organización de eventos, mentres o volume de negocio da edición dixital era marxinal. O negocio esmorece en 2009 por unha forte caída da cifra de negocio en 2009 (relacionada coa menor contratación tras a saída do Bipartito) e o mantemento de gastos de persoal desproporcionados para os novos niveis de facturación. No 2006 e nos dous anos seguintes prodúcese un despegue impresionante da cifra de negocio, debido a prestación de servizos para a administración.

## **3- Medios con modelos a priori sostibles, pero que fracasados por erros de xestión.**

Crise de crecemento e dependencia dunha única fonte de financiamento: *A Nosa Terra*, *Vieiros*.

Erros de xestión, debilidade empresarial, escasas marxes de beneficio e excesiva dependencia dun mercado publicitario moi afectado pola crise: *A Peneira*.

## **4- Fortalezas e debilidades**



**Fortalezas/Oportunidades:** Medios cunha comunidade de lectores concienciada e activa. Medios centrados no país (galeguismo latente). Apoio económico e político do Bipartito. Rede de sinaturas potente e comprometida. Traballo voluntarista e activista dun feixe de xornalista.

Ten especial interese no presente informe realizar unha estimación do umbral de rendibilidade para a 'empresa tipo' do sector en Galicia. Neste caso, as empresas que mais se achegarían a esta definición de 'empresa tipo' serían Garherve e Atlántica, xa que son as únicas que, cun modelo de negocio totalmente centrado na edición xornalística e en galego, conseguiron a súa supervivencia no difícil entorno dos últimos anos. Ademais, ambas contan coa reducida dimensión coas que traballan as empresas do sector en Galicia. Ten especial interese, así pois, coñecer cal e o nivel de vendas mínimo que unha empresa representativa como Garherve ou Atlantica precisan conseguir para entrar en beneficios. Calculando con estas variables unha primeira estimación do umbral de rendibilidade, obtemos 175.000 euros para Garherve e 162.000 euros para Atlantica. unha primeira estimación arroxa un nivel de ingresos mínimos necesarios para que un xornal en galego de pequena dimensión consiga a súa supervivencia superiores aos 140.000 euros anuais.

**Debilidades/Ameazas:** Dependencia do poder político. Incapacidade para competir cos medios en castelán para se converter en medios de referencia (incapacidade estrutural, de medios, e erros nas escollas dos modelos xornalísticos). Incapacidade para crear unha rede comercial forte de seu ou para aproveitar o seu dominio sobre determinados sectores da sociedade galega (electorado nacionalista, poboación nova). Incapacidade para separar as funcións xornalísticas (investigar e elaborar un relato atractivo da actualidade) das políticas (construción nacional, normalización da lingua). Ausencia de sinerxías entre os distintos medios.

## **Relación coa Administración, cos lectores e cos anunciantes:**

### **1- Relación coas administracións. Subvencións:**

En 1992 prodúcese un grande incremento na partida destinada á promoción do galego nos medios de comunicación sociais, pásase de 240 000 euros a 670 000 euros, aproximadamente. A partir de 1993, ano en que se centraliza ese gasto na DXPL, o fomento da lingua galega nos medios dispón de contías cada vez máis notables, arredor dos 1,8–2,5 millóns de euros segundo o exercicio ata chegar ás cantidades que se manexan no momento da redacción deste traballo. De feito, a partida orzamentaria máis grande nos orzamentos de 2006 da SXPL é a titulada «Convenios cos medios de comunicación», que ascende a 6.400.000 €, cantidade idéntica á destinada ao mesmo concepto en 2003, 2004 e 2005. Entre as accións que a Dirección Xeral de Política Lingüística desenvolveu dende a súa creación en relación coa promoción do galego nos medios tamén se atopa a firma de convenios de colaboración con diferentes periódicos para a edición ou distribución de produtos editoriais en lingua galega, polo que o montante total é superior ás cantidades orzamentadas.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística concedeu no ano 2003 un total de 1.904 axudas para promoción e fomento do uso do galego por un importe total de 8.734.509 euros. Para medios de comunicación só se concederon 23 axudas que, no entanto, supoñen 6.400.000 euros, un terzo do total.

Entre 1993 e 2003 a presenza de galego nos medios de comunicación escritos, que son os principais receptores das axudas públicas para o fomento da lingua galega, pasaron dun pouco máis do 3% a un 6,8%. O montante do gasto nese período destinado a aumentar a presenza de galego nos medios superou os 40 millóns de euros para acadar unha porcentaxe de contidos en galego do 8%, obxectivo que segundo ese mesmo informe non se acadou e que non impediu que se volvesen asinar convenios no ano 2000 «con eses mesmos medios». Despois de constatar unha relación escasa entre os recursos gastados e o incremento do galego nos xornais, chaman a atención sobre tres efectos perniciosos: ineficiencia (déixanse de investir estes recursos noutras áreas), ineficacia (semella imposible calquera tipo de mellora na galeguización dos medios) e un efecto perverso para a imaxe do departamento dado que continúa repartindo estes fondos á marxe da esixencia dun cumprimento efectivo das axudas.

Entre 1993 e 2003, a presenza do galego aumentou nun 3,85% (de 3,01% en 1993 ata 6,86 en 2003), a razón de 0,38% de suba anual. Nese período as subvencións públicas nos medios de

comunicación impresos diarios ascendeu, nun cálculo conservador, a aproximadamente un millón de euros por ano. Para chegar ao 30% de contidos en galego, tal como se formula no PXNLG, serían precisos algo máis de sesenta anos (concretamente, 60,9 anos) de continuar o mesmo ritmo de investimento que se produciu durante o período 1993-2003. Daquela, en setembro de 2067, aproximadamente, Galicia verá cumprida a medida do PXNLG pero despois de investir máis de 160 millóns de euros.

Durante o 2006 a SXPL iniciou unha serie de negociacións cos medios impresos para aumentar a presenza do galego nos xornais e dotar os contidos en galego de transversalidade, evitando que se identificara a lingua unicamente con temas relacionados coa cultura e a educación. Tamén se elaborou unha estratexia para fornecer de recursos de tradución automática ás principais cabeceiras galegas coa intención de facilitar a tradución da información escrita en castelán ao galego. Tamén se eliminou a transferencia de capital á TVG, producíndose a redución máis importante de todos os capítulos do programa de lingua galega nos orzamentos de 2007, precisamente no coñecido de «Convenios con medios de comunicación» –rachando deste xeito unha evolución tradicionalmente ascendente–, de 6.400.000 € a 3.400.000 €.

### **1. - As axudas do 2011**

O 15 de novembro de 2011 publicáronse as axudas concedidas pola Secretaría Xeral de Medios ás publicacións periódicas escritas integramente en galego. A pesar de que a cantidade en principio concedida ascende a catrocentos mil euros, algo máis ca no ano pasado, pero un 50% menos da partida destinada a este fin nos últimos anos do Bipartito, finalmente a Xunta concedeu algo menos de trescentos mil, quedando pendente o reparto dos cartos restantes entre os distintos medios. Máis de dúas terceiras partes do total (case 200 mil euros) van parar a Galicia Proxectos de Comunicacións, S.L., editora do gratuíto *De Luns a Venres*, e participada ao 100% por *El Progreso*. Os cartos restantes repártense, con cantidades que van dos 11 mil aos 14 mil euros, entre as editoras de *Tempos Novos*, *Terra Cha Xa*, *Código Cero* ou a revista *Sustansia do Grove*. *O Sil* recibe case vinte mil euros. Os cartos restantes, en cantidades menores, repártense entre outras publicacións, de carácter gratuíto, coma *Ourense por Barrios* ou as publicacións da viguesa Edisport. Dáse a circunstancia de que a desaparición no último ano de publicacións que adoitaban recibir parte destas axudas, como *Galicia Hoxe*, *A Nosa Terra* ou *A Peneira*, fai que as cabeceiras superviventes incrementen a súa dotación. Por exemplo, nas axudas correspondentes ao ano 2010, o *Galicia Hoxe* era o principal beneficiario, levando uns 183 mil euros. E *A Peneira* recibía, a través de tres sociedades distintas, case 25

mil euros. Pola contra, os restantes medios ficaban en cantidades inferiores ás de 2011 (*Luns a Venres* recibía 132 mil euros, *O Sil* 17 mil e *Tempos Novos* uns seis mil). *Novas da Galiza* non recibe axudas por estar escrito nunha normativa non aceptada pola Xunta de Galicia e os dixitais tampouco a reciben, ao destinarse a partida unicamente a medios impresos.

Porén, o groso das axudas directas concedidas pola Xunta de Galicia aos medios de comunicación polo uso do galego seguen recaendo en medios que o empregan en porcentaxes moi pequenas. Ese mesmo 15 de novembro publicouse no DOG a concesión de axudas ás empresas xornalísticas e de radiodifusión non monolingües en galego, un total de dous millóns de euros. O principal beneficiario é *La Voz de Galicia*, que recibe a través do xornal máis de 600 mil euros, aos que hai que sumar 45 mil euros da páxina web ou 15 mil da radio. *Faro de Vigo* recibe máis de 259 mil euros, e a Editorial Compostela case cen mil. *El Progreso* supera esa cantidade e chega a 110 mil, mentres que *La Región* supera os 75 mil e *La Capital* os 67 mil. Radios e televisións locais tamén reciben a súa parte, sumando entre todas máis dun cuarto de millón de euros.

## **2- Relación cos anunciantes**

Hai tres características que definen a relación entre as cabeceiras en galego cos seus anunciantes. En primeiro lugar, a súa incapacidade para chegar aos grandes anunciantes e para captar campañas de ámbito estatal. En segundo lugar, a súa excesiva dependencia da publicidade pública, dependencia política e excesiva confianza na permanencia desta fonte de ingresos (relacionado coa 'sorpresa' da derrota do Bipartito en 2009). E, en terceiro lugar, e o factor máis importante, a súa incapacidade para entrar nas redes de ámbito local, e persoal (anuncios por palabras, necrolóxicas...), o groso dos ingresos para outros medios. Este último factor incrementa a súa dependencia dos anunciantes públicos e a consecuente dependencia política e limita as súas marxes de beneficios.

Un estudo sobre as cabeceiras galegas publicado hai cinco anos revelaba que estas características (sobre todo a dependencia dos anunciantes institucionais) son comúns a todos os medios, estean publicados en galego ou en castelán. Case a metade das insercións publicitarias (47%) proceden dalgunha administración pública, nomeadamente a Xunta de Galicia e os concellos galegos. As empresas privadas son responsables do 20,40% dos módulos en lingua galega, mentres que asociacións e fundacións promoven o 16,63% da publicidade en galego; con menores porcentaxes atópanse os partidos políticos (7%), os propios xornais en autopromocións (5,9%) e anuncios clasificados (menos do 3%).

En calquera caso, mesmo entendo que medios máis asentados, cunha audiencia moi superior á dos medios en galego, teñen máis capacidade para atraer a grandes anunciantes, e que medios mellor asentados localmente (ou as grandes cabeceiras a través das súas edicións e dun intenso traballo comercial) poden acceder a publicidade local á que os medios en galego non conseguían acceder, pensamos que moitas das cabeceiras analizadas desperdiciaron importantes oportunidades que converter as súas audiencias, máis ou menos pequenas, pero moi comprometidas e fidelizadas en moitos casos, en atractivos para captar anunciantes. Pode que estas cabeceiras non chegasen a públicos masivos, pero si chegaban con forza e credibilidade a grupos determinados: galegofalantes, mestres, persoas interesadas polas temáticas culturais, lectores novos..., na mesma ou maior medida que algúns medios máis grandes. Porén, non foron quen de poñer en valor o seu dominio sobre estes targets para virar espazos interesantes de visibilidade para os anunciantes.

### **3- Relación cos lectores:**

A principal fortaleza coa que contaban algunhas das cabeceiras que pecharon entre 2010 e 2011 era unha comunidade lectora fiel e activa, pero coa que non se dialogou, apenas, coa excepción, quizais, de *Vieiros*. Pódese afirmar que os medios podían supoñer ou sospeitar quen eran os seus lectores, os temas que lles preocupaban, pero rara vez apelou a eles ou realizou estudos de mercado serios para coñecer exactamente a súa dimensión, capacidade de compromiso ou grao de interese para os anunciantes. De igual xeito, ningún destes medios contou con plans de negocio serios e, malia acadar dimensións empresariais e redaccionais medianas, se moveron en todo momento cun certo amateurismo. No caso de *Vieiros*, sorprende negativamente o abandono do concepto de comunidade (barrio galego na Internet) e adopción dun excesivo convencionalismo unha vez que o xornal creceu e se dotou dunha redacción profesional máis ampla. *Vieiros* renunciou deste xeito á potencialidade que supuña ser a fiestra na que confluían boa parte das iniciativas individuais e colectivas da rede galega, o espazo permeable de visibilización e partillamento destes fluxos. O mesmo podemos dicir de *A Nosa Terra* en comparación coa relación que establecía cos seus apoiantes, subscritores e lectores a finais dos setenta e na década dos oitenta e noventa.

Isto relaciónase coa nula explotación de recursos de financiamento social, coma o crowdfunding, as microachegas de capital realizadas polos propios lectores. Algo ao que se cadra poderían ter recorrido *Vieiros* ou *A Nosa Terra* no momento en que se atoparon en dificultades, ou mesmo antes, como alternativa a outras vías de financiamento máis afastadas

da súa actividade ou da relación directa coa súa comunidade de lectores. Esta vía de financiamento ten moitas vantaxes, comezando por converter os propios lectores en propietarios do medio, en certa medida, evitando ter que depender dos anunciantes, públicos ou privados, ou dun poder empresarial con intereses económicos que nalgún momento poden chocar co interese xornalístico. As achegas dos lectores para soste unha determinada liña editorial ou unha forma de facer xornalismo, valente e de calidade incrementan, ademais, a súa fidelidade, xerando un certo sentimento de comunidade ao seu redor. Outra vantaxe ten que ver coa maior facilidade de solicitarlle a cada persoa unha cantidade pequena que un grande investimento, e de feito recoméndase que a achega solicitada non supere os cincuenta euros. Isto fai que o lector teña que renovar a súa confianza no medio cada ano, o que obriga ao medio a ser fiel ás promesas de calidade realizadas. Hai outros modelos xa en marcha, nos que as achegas realizadas polos lectores non se dirixen tanto a asegurar o financiamento dun medio como a promover a investigación e publicación de determinados temas.

A meirande parte dos xornalistas e expertos entrevistados fan fincapé na responsabilidade da cidadanía por non exercer unha presión social contra os medios de comunicación, e en concreto, referíndose a aqueles que reclaman a existencia de medios de comunicación en galego, a falta da necesaria responsabilización da súa supervivencia. Un dos expertos criticou, en concreto, a “actitude condescendente” dos lectores de galego, que non teñen inconveniente en mercar un xornal redactado integramente (ou case) en castelán, moi ao contrario da comunidade castelanfalante. Para o experto, estas actitudes duns e doutros son tidas moi en conta polas estratexias empresariais, que conclúen: “Unha parte da poboación le nunha lingua, a outra en dúas: se queres chegar a todos, escribe no idioma da primeira”. Todos os indicios apuntan a que a sociedade galega ten graves pexas para soste e consumir medios de comunicación que teñan a Galicia como centro do seu discurso informativo, é dicir, que observen o mundo dende o seu centro (Galicia). Na súa tese de doutoramento sobre a construción da identidade catalá na prensa da Transición Xavier Giró Martí analiza as cabeceiras na medida na que toman a Catalunya ou a Madrid como centro e no espazo que constitúe o foco do seu interese. Giró Martí afirma que mentres que *El País* mira a periferia dende o centro, *El Periódico* mira o centro dende a periferia, *La Vanguardia* ve a periferia

dende o centro (malia estar fisicamente na periferia), e finalmente o *Avui* mira o seu centro (Catalunya) dende o centro (Catalunya). A comezos da década dos oitenta algunha forza política advertía nunha das súas ponencias que “a ausencia dunha auténtica rede de comunicación (creación e difusión de información, de contidos artísticos, literarios e científicos) de ámbito galego frea a aparición dunha opinión pública galega capaz de propoñerse problemas e prioridades e de debater criterios e alternativas para o seu país. A relación social de comunicación é imprescindible para o autorrecoñecemento da colectividade galega como comunidade nacional diferenciada, con problemas específicos fronte ao Estado, e tamén con contradicións internas propias como corresponde a toda sociedade”. Trinta anos despois a situación mesmo empeorou, segue sen haber un espazo galego de comunicación e apenas hai en Galicia medios de comunicación en galego ou que nin sequera interpreten a realidade en clave de país. Os peches de *Vieiros*, na rede, e de *A Nosa Terra, Galicia Hoxe e Xornal*, no papel, son unha mostra das dificultades impostas polo contexto, pero tamén da debilidade, egoísmo e conformismo da tan reclamada sociedade civil galega.

O desexo real de ler un xornal en galego: E que opinan os lectores dos xornais? O estudo *A información en galego* incluía unha enquisa realizada a unha mostraxe de 400 lectores de prensa diaria de toda Galicia. Os datos xerais da sondaxe sobre preferencias e usos lingüísticos amosaban unha sociedade galega maioritariamente castelanfalante (41%) ou bilingüe (45%) e escasamente galegofalante (14%). En canto ao coñecemento da lingua, máis da metade (52,7%) aseguraba ter un dominio “regular”, tres de cada dez (30,5%) afirmaban ter un “bo” coñecemento e só un dezaseis por cento (16,2%), “malo ou moi malo”. Menos de tres de cada dez (28,2%) afirmaban ter problemas para comprender as informacións que se publicaban no noso idioma, unha porcentaxe que só se incrementaba significativamente entre os maiores de 55 anos (47%) e de 65 (39%). De igual xeito, máis do oitenta por cento dos enquisados aseguraba ler as informacións que se publicaban en galego nos xornais. Outra das grandes conclusións que se podía tirar do estudo era unha reivindicación xeral a prol dunha maior presenza do galego na prensa. Así, máis de dous terzos (70%) consideraban que había “pouca” ou “moi pouca” información en galego na prensa do país, fronte a un 24 por cento que consideraba “suficiente” a presenza da nosa lingua e a un anecdótico 3,3% que consideraba

que se publicaba “moito” ou “demasiado” en galego. Con todo, os enquisados manifestaban que as seccións máis convenientes para a inserción de contidos en lingua galega eran “Galicia” ou “Cultura”, deixando moi atrás outras, como “España”, “Mundo” ou “Economía”.

Case tres de cada dez enquisados (26,5%) consideraban que os xornais do país deberían ser redactados integramente en galego ou cunha maioría de espazos na nosa lingua, fronte a unha porcentaxe lixeiramente superior (31,3%) que avogaba pola situación actual (monolingüismo castelán ou, como pouco, predominio) e a unha maioría de case o corenta por cento (38%) que apostaba por unha igualdade (50-50), en todo caso moi afastada da actual situación. Por grupos de idade, os máis novos afirmaban preferir unha prensa maioritariamente escrita en galego (48,1%, os menores de 25 anos; e 40,9%, os menores de 35), as xeracións maduras defendían a igualdade entre as dúas linguas (aínda que cunha maior preferencia cara ao castelán) e os maiores de 55 anos defendían o mantemento da actual distribución lingüística. Máis de dous de cada tres galegos afirmaban que mercarían un xornal escrito integramente na nosa lingua se a súa calidade fose boa, unha proporción que era maior entre os máis novos e entre os que tiñan estudos medios ou superiores. Por último, preguntados sobre o apoio emprestado polas institucións públicas á introdución do galego na prensa, menos de dous de cada dez consideraban que fose “moito” ou “bastante”, e máis do sesenta por cento críao “escaso” ou “nulo”.



## O futuro: 1. Como dar luz a novas iniciativas: impulso empresarial, da cidadanía ou dos propios xornalistas?

Pensando nas alternativas de futuro para a creación de novos medios en galego ou para o reforzo da estrutura de medios existente, hai que preguntarse sobre onde buscar financiamento. As iniciativas, nun modelo que admite hibridacións, poden chegar 'dende arriba', da decisión dun empresario capitalista (ou de varios), ou 'dende abaixo', na forma de proxectos xurdidos da cidadanía ou de grupos de profesionais que se autoorganicen e financien ou procuren financiamento para alentar estes novos espazos informativos. Na historia do xornalismo atopamos máis exemplos do primeiro que do segundo, aínda que semella que a comunicación é unha área cada vez menos atractiva para o empresariado, e moito máis os medios en galego, que no pasado só contaron co apoio dun grupo moi reducido de empresas. Isto, unido á crecente desafección da cidadanía e dos propios xornalistas, coas empresas de comunicación tradicionais, e os menores custes de produción dos medios dixitais fan que se reproduzan os modelos de proxectos xornalísticos impulsados polas propias achegas dos lectores e nos que os xornalistas teñen un papel máis protagonista na configuración das sociedade.

Para Fran Pérez Lorenzo, “o futuro dos medios virá da man de estruturas cooperativas, asociativas, participadas por xornalistas pero tamén por outros axentes da comunicación en colaboración cun público activo, que ache nese proxecto/medio/plataforma motivos non só ideolóxicos/afectivos senón prácticos/informativos polos que implicarse”. De igual xeito, David Lombao cre que o modelo de medios de comunicación tradicional, do empresario que crea e sostén un medio e paga salarios está próximo á súa morte. O futuro ten que vir de abaixo, en sentido amplo, dende o compromiso dos lectores e dende o impulso dos profesionais”. Pensa o mesmo Duarte Romero, que defende que “o futuro non pasa por buscar a este empresariado senón por construír proxectos propios desde abaixo. O mellor xeito de garantir a calidade é que sexan os propios xornalistas os que marquen a liña do medio, e non exclusivamente os criterios económicos. En Galiza temos o caso do Grupo San José que nun momento fixo unha aposta polos medios de comunicación e agora non só liquidou o periódico que lanzou (*Xornal de Galicia*) senón outras dúas cabeceiras con bastante historia (*xornal.com* e *A Nosa Terra*)”. Como alternativas, Duarte Romero sitúa as microrachegas cidadás ou a cooperativa de xornalistas: “se o medio é pequeno pode funcionar unha cooperativa de traballadores. Se se queres facer máis grande existe a posibilidade de abrir ao accionariado popular, como fixeron

*Egunkaria* primeiro e *Berría* despois. Pero logo hai máis alternativas como vencellalo a fundacións sen ánimo de lucro, etc.”.

Neste senso, Alberto Quián teno claro: “Deben ser os profesionais os que xestionen un proxecto de información e non empresarios alleos ao sector (volvo ao caso de Jacinto Rey ou de Moll). Pero tamén penso que cómpre involucrar dalgunha forma á clase empresarial nun proxecto xornalístico, mantendo as marxes de seguridade da delgada liña que separa a independencia e a obxectividade do servilismo. Pódense e creo que se deben procurar fórmulas como o mecenado, as doazóns, as sinerxías, sempre desinteresadas, deixando ben claro que a liña editorial e os principios xornalísticos que deben rexer un proxecto de información non se alteran en beneficio de ningún interese empresarial ou partidista. De igual modo que hai que crear campañas de sensibilización para que os cidadáns apoiem un proxecto xornalístico con subscricións, micropagos ou doazóns, hai que facer o propio coa clase empresarial”. En opinión de Rodri Suárez, “o futuro pasa pola iniciativa dos propios profesionais. O modelo de cooperativa semella o máis axeitado”.

Pola contra, Afonso Eiré segue confiando no apoio dun certo sector do empresariado galego: “Hai unha xeración de empresarios que xa non naceron no franquismo, e están internacionalizados e xa non lle teñen tanto medo á Xunta, e teñen outra visión. O empresariado cambiou moito dende 1981. Cambiou moito a sociedade, pero cambiou moi pouco a mentalidade dos nacionalistas e das persoas que apostan polo galego. Hai moitas oportunidades”. De igual xeito, Ubaldo Cerqueiro cre que “un medio a día de hoxe só pode ser sostible a base de publicidade de empresas privadas. Os cidadáns esiximos que nos manteñan informados pero non a queremos pagar”. Miguel Pardo Pereira di confiar nas achegas cidadás, pero dubida de que con esas achegas “sexa suficiente para manter medios de comunicación do poderío e influencia que todos desexamos. Hai xente moi concienciada, pero non sei se suficiente para artellar un proxecto potente”. O mesmo opina Rosabel Candal, que cre que “que as achegas cidadás e os propios xornalistas fosen quen de erguer un medio independente sería estupendo, pero iso paréceme unha utopía. Se non hai un empresariado detrás que o sustente, é moi complicado que un medio sexa viable”. Porén, para a xornalista, “o problema ven cando ese empresariado, a cambio de sustentar ese medio, quere contrapartidas e favores na información..., facendo que o xornalismo sempre se vexa atado a determinados intereses”. Rosabel Candal conclúe que “atopar o equilibrio é o camiño. Penso que hoxe en día hai moitas empresas, non teñen por qué ser excesivamente grandes, medianas e pequenas, con

capacidade económica suficiente como para apoiar un medio en galego en beneficio de todos. A clave é facerlle entender a necesidade diso”.

Para Antón Escuredo, “o futuro dos medios de comunicación en galego ten que vir de tres sectores, sen esquecerme do sector político”. Para o xornalista, o sector empresarial “é fundamental xa que favorece unha achega económica previa que viría a desfacer a problemática de que é o primeiro: o xornal de calidade ou o asentamento social. O segundo sector, os lectores e lectoras anónimos, é o máis difícil. Temos a experiencia dos últimos meses en que malia desaparecer empresas de comunicación que traballaban co galego non houbo ningún apoio económico popular”.

Sexa cal sexa a fórmula escollida, os xornalistas reclaman un maior respecto para os traballadores, como afirma Montse Dopico: “en calquera proxecto alternativo, o que non se pode pensar é en que os profesionais teñen que aturar a precariedade absoluta porque se lles supón un compromiso político. Estou un pouco ata as orellas de que poñan o país como excusa para saltar os nosos dereitos como traballadores. Sobre todo se é un proxecto supostamente creado por xente de esquerdas”.

Para *Crónica3*, “hai que ir facendo camiño ao andar, planificando pequenos obxectivos alcanzables en tempos prudenciais, facendo un bo estudo de mercado previo, que sexa realista. Traballar moito e non esperar facerse rico en dous días, mirar máis aló do reduccionismo dos partidos nacionalistas. Hai que ver como é a nosa sociedade e por onde se lle pode entrar”. Por exemplo, inciden en que calquera medio, para ter arraigo social “debe ter seccións polo menos provinciais e se puidese ser comarcais; tamén deportes (sobre todo fútbol) e vida social”.

## O futuro: 2. Como conquistar os soportes dixitais facendo xornalismo en galego

Durante a pasada década, coa actividade pioneira de *Vieiros*, e sobre todo entre 2006 e 2009, o galego chegou a estar, a través do propio *Vieiros*, *A Nosa Terra Diario*, *GZNación*, máis tamén a través de *Radiofusión*, *Altermundo* ou *Galicia Hoxe* moi ben posicionado na rede, aproveitando os menores custes de produción do xornalismo dixital, pero facendo un bo xornalismo electrónico e preparando o futuro en certa forma. Porén, dous anos máis tarde apenas se pode atopar información creada para a rede en galego, agás *Galicia Confidencial* e algúns portais locais, iniciativas en calquera caso máis modestas que as redaccións profesionais medianas dalgúns dos medios desaparecidos. Parece que nestes dous últimos anos se perdeu unha oportunidade, que se fora construíndo na década anterior, de configurar un espazo de comunicación en galego na rede, cando menos á mesma altura que o castelán, que non contaba con iniciativas dixitais nativas profesionalizadas e as propias transposicións das edicións en papel das cabeceiras impresas. Así e todo, o xornalismo dixital segue buscando o seu modelo de negocio, nun escenario aínda precario.

Fran Pérez Lorenzo cre que, malia á caída dos medios dixitais, o galego segue sendo “o idioma da creatividade, da cultura, en certos aspectos da innovación nas webs galegas”. A rede é, ante todo, unha oportunidade, un espazo para a experimentación no que os actores se atopan nunha posición de partida máis igualitaria ca noutros soportes máis consolidados, e isto é así para os medios, pero tamén para as linguas; para Fran Pérez Lorenzo, “o bo da rede é que supón un punto de partida máis igualitario, menos predeterminado, para pensar nunha futura estrutura mediática galega e en galego na rede”. Para Antón Escuredo, “o nicho de mercado na rede é moi cambiante. A diferenza do impreso (onde se poden falsear datos con milleiros de subscricións por parte dalgunhas consellarías da Xunta ou departamentos municipais ou por parte de empresa privadas como entidades financeiras, liñas aéreas e cadeas de hostalaría) na rede o que hoxe está nunha posición mañá pode estar noutra. Non sería moi difícil colocar nun bo posto un novo medio dixital”. O mesmo opina Alberto Quián, para quen “a diferenza da prensa tradicional, hoxe, con todos os recursos dos que dispomos e coa axuda de ferramentas de código aberto, poñer en marcha un proxecto de información non é tan complicado e custoso. Un pode empezar por un blogue e acabar cun medio de información xeral e colaborativo (véxase o exemplo de *Galicia Confidencial*). O problema é cando e como se fai rendible ese proxecto”.

Ubaldo Cerqueiro explica o éxito acadado por *Que pasa na costa*, a pesar dos escasos recursos dos que dispón, na “humildade” do seu proxecto: “nós, que estamos precisamente nas bregas de facer estable e sostible o proxecto, por agora dependente da empresa Galinus Taller de Novos Medios, formulamos unhas necesidades moi pequenas para cubrir a información de 15 concellos da zona. Para iso utilizamos os medios persoais máis pequenos posibles e facemos real o 'xornalismo cidadán', dando a oportunidade á veciñanza a participar activamente creando contidos. De feito, boa parte dos contidos de *QPC* son enviados polos lectores, e así podemos chegar cada fin de semana a 8 ou 10 campos de fútbol, a calquera accidente, ou bailar en cada festa”.

En opinión de David Lombao, “perdeuse unha oportunidade e, por extensión, créase outra. O espazo deixado por todos estes medios –moi diferentes entre si–, e o espazo que vén de deixar *Xornal* pode e debe ser cuberto. Coido que o primeiro que chegue e acerte, vai gañar”. Para Alberto Quián, “debemos entender que os diarios en papel van ir adelgazando e desaparecendo aos poucos, polo que tampouco debemos escandalizarnos cando sucede. O que hai que facer é conectar aos xornalistas con esta era dixital, co novo paradigma comunicativo e informativo. E nisto, Galicia ten un notable atraso”. Quián explica que “son poucos os verdadeiramente preparados para manexarnos con solvencia nesta nova contorna dixital na que a interacción e o diálogo con outros actores (público, anunciantes, publicistas, políticos, ONG, institucións, etc.) son claves. Tamén é distinta a maneira de traballar a información, a forma de preparala, de elaborala e de presentala, os formatos, os estilos... E a vida da información tamén é distinta: flúe, expándese e mantense viva por máis tempo, e é usada e reusada por outros, contestada e mesmo rebatida publicamente. Cambian os contedores e cambian os contidos, e penso que isto aínda non se entendeu ben en Galicia, nin os medios en galego nin os grandes diarios como *La Voz*, *Faro*, *El Correo...*, que seguen abusando das axencias, mesmo para ofrecer información local, o ámbito onde está a verdadeira disputa para todos os medios galegos”.

Na procura dese modelo de negocio da prensa dixital que a faga rendible e sustentable, Pérez Lorenzo aposta por tender cara fórmulas mixtas, mestura de cotas de subscrición/acción cooperativa/publicidade “e cara a algo que me parece importante: xerar contidos. Que o medio sexa un axente activo, que impulse accións/campañas/produtos/servizos.... que promova unha visión deste país e que logre materializala en todo o que fai, sen aterse ás forzas políticas, con rigor e con creatividade”. Para Antón Escuredo, “o futuro está nun xornal dixital cunha forte implantación local e con estruturas de relación co ensino, o turismo, a

emigración e as temáticas de máis actualidade. Engadiría que ben podería ter, como reforzo, aparicións en papel puntuais e negociadas con publicidade previa. Exemplos en *A Peneira* houbo varios (especiais culturais, de lecer, de turismo, de deportes...)”.

Duarte Romero cre que houbo un erro estratéxico importante á hora de definir os medios dixitais en galego. Durante o goberno Bipartito houbo a oportunidade de consolidar unha única cabeceira de calidade e economicamente sostíbel. Pola contra, preferiuse apostar pola dispersión coas nefastas consecuencias que estamos a sufrir hoxe en día. Para o xornalista o futuro do xornalismo dixital no noso país “pasa en primeiro lugar por ter un medio de referencia que aposte por un xornalismo de calidade. E cando falamos de calidade en plataformas on line estamos a referirnos a unha correcta utilización de todas as linguaxes que temos ao noso alcance, así como unha boa interacción cos nosos lectores”. En canto ao financiamento, para conseguir sostelo economicamente, Duarte Romero opina que “a medio prazo haberá que recorrer ao pago por contidos. Agora ben, para que en Galiza poidamos aplicar isto ten que estar consolidado un modelo a nivel estatal e internacional. Gústenos máis ou menos, non temos unha base social tan forte para lanzarnos á innovación nese sentido. O que si que podemos facer é utilizar algunhas ideas que poden ser útiles para soste un medio pequeno: Primeiro, ofrecer unha mellor publicidade, achegándonos aos mercados locais e ofrecendo unha ampla segmentación para os anuncios. Segundo, recorrer ás subscricións achegándolle unha serie de vantaxes a quen faga isto; por exemplo, *Vilaweb* permite a participación dos subscritores nas xuntanzas do medio. E en terceiro lugar, o pago por certas funcións das aplicacións móbiles e tabletas”. Algo parecido opina Montse Dopico, para quen “o modelo tería que ser máis o do subscritor (se se combina o diario dixital coa revista en papel semanal), o do socio ó que se lle dá algún tipo de dereito sobre os contidos...”.

Segundo Alberto Quián, “hai que entender o novo paradigma comunicativo e informativo e plasmalo tanto en contidos (estilos, formatos...) como en contedores (usabilidade, arquitectura, hipertextualidade, interacción, mobilidade, multiplataformas...). Se ademais es quen de conectar coa sociedade e de entendela, e gañas a súa confianza, estarás en posición de empezar a conseguir esa rendibilidade. Como? Unha combinación de publicidade-doazóns-subscricións-micropagos-mecenado (coa fórmula do ensaio-error). Pero para isto fai falla concienciar sobre a importancia dun proxecto informativo, explicar a súa esencia e ser transparente (explicar que se fai con cada euro). En realidade, o que eu defendo é un modelo de negocio non lucrativo, é dicir, unha organización xornalística sen ánimo de lucro (plasmado xuridicamente) cuxos beneficios se destinan para os recursos humanos e técnicos do proxecto

e para determinadas accións ou obras sociais impulsadas desde o propio medio; un proxecto no que os seus 'accionistas', é dicir, o público, debe ser implicado como un actor activo no proxecto, informándolle de onde se pon cada euro que doa e facéndolle partícipe na toma de determinadas decisións como, por exemplo, un cambio de deseño, unha mellora en usabilidade, unha estratexia de expansión...”.

A finais da década dos oitenta Xerais comezou a empregar o lema “A forza dos lectores”, salientando que a editorial se construía dende abaixo, emerxendo, coas achegas dos autores e das persoas que mercaban os libros publicados. O lema, como todas as apelacións que se adoitan facer ao dinamismo da sociedade galega, pecaba dun punto de inxenuidade, pero reflectía de maneira positiva a vontade de construír de maneira colaborativa, coa forza dos lectores e da cidadanía, estruturas e espazos culturais de noso, alternativos ao sistema castelán. Un medio de comunicación é un produto, que se ben non é equiparable á outras producións materiais e simbólicas pola súa función política e de creación de discursos sociais, require, ao igual que outras producións, de ingresos económicos para o seu funcionamento. Isto é unha obviedade. Un xornal, ou o sosteñen os lectores, ou se sostén a publicidade, e quen paga manda e mandará. Haberá quen apunte que en Galicia hai medios de comunicación sostidos artificialmente, a través de achegas de financiamento público determinado pola afinidade ideolóxica. E é certo. O mercado de prensa en Galicia é artificial, non está determinado pola calidade dos xornais nin pola súa aceptación social. Esa, a reclamación de que as axudas á prensa se rexan por criterios obxectivos e non suxeitos á obediencia política, é unha batalla que haberá que seguir dando, pero mentres tanto hai que ser conscientes de que a cousas dificilmente van cambiar se as persoas que reclaman medios de comunicación en galego, ou medios de comunicación en clave de país, ou medios de comunicación de esquerdas, non establecen un compromiso que vaia máis alá das palabras, dos manifestos ou das manifestacións. Un compromiso económico.

Un informe de 2006 sobre a creación de valor no xornalismo realizado pola Kennedy School of Government de Harvard concluíu que só había dous camiños: especializarse ou localizarse, entendendo que a información xeralista de calidade en política interna e externa, economía e cultura, tamén é un tipo de especialización. O informe afirmaba que “debido ao incremento do número de fontes informativas, as crecentes posibilidades para acceder a elas dende calquera lugar e á consecuente necesidade de crear lazos coa audiencia para convertelos en lectores fieis, os medios terán que abandonar os modelos de un-medio-para-todos-que-trate-todos-os-temas-e-informe-sobre-todos-os-lugares que dominaron a segunda metade do século XX”. O

informe remataba recomendando incidir máis na cobertura de proximidade: “para ser competitivos e crear valor económico, os medios necesitan incrementar a súa diferenciación e exclusividade. A vía máis efectiva para facelo é crear valor a través da cobertura local e ligando o medio coas vidas, aspiracións e formas de ver o mundo dos habitantes dun lugar, o tipo de cobertura que outros medios non poden facer”.

Ao longo de 2010, algúns dos máis importantes xornais de ámbito local nos Estados Unidos (*Boston Globe*, *The Oregonian*, *The Seattle Times* ou o *Milwaukee Journal Sentinel*) comezaron a recompoñer a cobertura hiperlocal, a través da fórmula que combina o traballo de xornalistas profesionais e de grupos de voluntarios amateurs que cobren as propias comunidades que tan ben coñecen. Outro modelo posible, o do *Patch* de AOL, reproduce o esquema anterior, con un ou dous xornalistas que coordinan múltiples fontes e voces das pequenas comunidades sobre a estrutura dun soporte tecnolóxico único e que permite ademais a agregación de pequenas audiencias locais para captar campañas de publicidade máis atractivas. *Patch* opera en máis de 800 vilas e cidades dos Estados Unidos e espera superar o milleiro de xornais asociados a finais de ano. AOL fornece aos seus xornais de *Patch* unha rede común de captación e xestión de publicidade a nivel nacional, así como unha sofisticada tecnoloxía de optimización nos motores de busca. E de xeito semellante a como fai McDonald’s, AOL leva a cabo complexos estudos de mercado sobre o potencial comercial de cada localidade para decidir se pon en marcha un *Patch* nese lugar.

Pola súa banda, o *Houston Chronicle* lanzouse a conquistar o investimento dos pequenos negocios locais, os mesmos que até o de agora viñeron inserindo a súa publicidade nas cabeceiras impresas, pero que aínda non deron o salto ao dixital. “Houston ten 310.000 negocios con dez empregados ou menos. O potencial é enorme”, din. O que fai máis interesante a aposta do *Chronicle* é que non se basea só en ofertar espazo para os banners destas pequenas empresas, senón que lles ofrecen un servizo integral de consultoría, hosting, deseño web, posicionamento nos motores de busca, ademais de espazo para a súa publicidade. O xornal cóbralles 500 dólares ao mes e en catro meses de actividade xa realizara contratos con 500 empresas, esperando obter por esta vía sete millóns de dólares a final de ano. Son xa varios os medios locais que nos Estados Unidos son rendibles unicamente a través da publicidade on line, sobre todo a través de fórmulas moi convencionais. Fronte ás habituais ofertas de Custe por Milleiro ou CPM (o anunciante paga unha cantidade por cada mil visitas



que recibe a páxina na que está o seu anuncio), nos medios locais están tendo éxito apostas máis sinxelas: tarifas por semana ou por mes, máis sinxelo de entender e polo tanto máis atractivo para os anunciantes locais, que ademais en moitos casos non se fían dos medidores de audiencia dos que dependen directamente os prezos.

O mercado aínda non está maduro, pero o xornalismo dixital pode e debe ser autosustentable, evidentemente. Para a prensa dixital galega a posibilidade de cobrar polo acceso é unha quimera mentres non se cree un hábito nos xornais de referencia madrileños e mentres as cabeceiras galegas non ofrezan contidos de máis calidade ou máis especializados. A vía da obtención de ingresos suficientes para garantir a sustentabilidade a través da publicidade tamén parece vedada. E neste caso os principais culpables, máis aínda ca no outro caso, son os propios xornais, que levan anos a velas vir, sen confiar realmente nas posibilidades da rede e agardando unicamente a ver como evolucionan outros proxectos máis adiantados, que si optaron por tomar un certo risco. No que respecta á publicidade local, que estas cabeceiras teñen perfectamente traballada para as súas edicións impresas, tanto nos anuncios inseridos por pequenas e medianas empresas e negocios coma nos clasificados, o seu interese foi nulo. Non existe mercado, polo que hai que crealo, hai que ir creando os hábitos de que as empresas e negocios que até o de agora se viñan anunciando no papel, comecen a facelo na rede. E a prensa local galega non se está preocupando de facer iso, de crear banners de xeito gratuíto para os negocios locais, de procurar esponsorizacións para as súas edicións locais, que promocionar os clasificados na rede. Se eles non o fan, nunca haberá ese mercado. Ou pode que nuns poucos anos o mercado agrome só, por imitación doutras zonas do Estado, e as cabeceiras galegas o perdan antes nacer. O dixital, malia as dificultade novas que presenta, ofrece algunhas vantaxes claras, comezando pola facilidade de dar marcha atrás cando un proxecto non é viable. Na rede a traxectoria previa, a xeración de fidelidades, é menos importante que no papel e pode ser revertida con máis facilidade, pero tamén conta e aínda que o escenario aínda non sexa claro, o que abra camiño ten as gañar e o que queira triunfar no futuro ten que tomar posicións neste momento.

### O futuro: 3. Os espazos locais e comarcais como reto e oportunidade para os medios en galego

Chama a atención, sobre todo tendo en conta a estrutura social e de hábitat en Galicia, a debilidade da estrutura de prensa local e comarcal en Galicia, salvando as afortunadas excepcións de *O Sil*, *O Periódico de Lalín* ou *A Voz de Vilalba*, por exemplo, ou un feixe de voluntariosos xornais dixitais de ámbito comarcal. O papel dos medios locais e comarcais é moi relevante na utilización do galego como idioma de redacción. De feito, algúns autores indican que, no último terzo do século XX, máis do 70% das publicacións comarcais de información xeral editadas en Galicia estaban escritas en lingua galega. Porén este espazo, de grande interese xornalístico e publicitario foi abandonado, debido ao dominio das cabeceiras históricas, que no entanto atópanse neste momento nun movemento de retirada, por mor da crise económica.

A meirande parte dos medios en galego (agás *A Peneira*, *O Sil*, *Terra Cha Xa*, portais dixitais coma *Valminor.info*, *Cronica3*, *Quepasanacosta* ou *Certo*) son de ámbito nacional, por convicción, por vontade de construír o país na procura dun espazo non cuberto polas cabeceiras tradicionais, locais ou provinciais. Pódese pensar que a prensa en galego desatendeu un terreo –o local, o próximo– que é clave en todos os lugares, pero máis en Galicia, se cadra. Desta desatención pode xurdir unha oportunidade para os medios de comunicación en galego. Ábrese pois, nestes espazos, unha boísima oportunidade para que os medios en galego exploren novas vías para éxito de proxectos. Para iso, terán que superar o que parece é unha excesiva preocupación por facer medios de ámbito galego e terán que mellorar o que até agora foi a nula explotación destes mercados publicitarios.

Un estudo recente afirma que a principal razón dos norteamericanos para subscribirse a un xornal impreso de ámbito local é precisamente a información de proximidade (49,6%) e a segunda as promocións (21%). E só un 14% cita como principal motivo a información nacional ou internacional. As razóns dos consumidores galegos de prensa impresa non han ser moi distintas. Cómpre ter en conta, a este respecto, a importancia económica da publicidade local (e os clasificados) nos balances das cabeceiras galegas. E tamén, por exemplo, o peso que supoñen as gorentosas promocións de libros e dvds no crecemento de *Público* ou no sostemento das cifras de venda de *El País*, *ABC* e *El Mundo*.

Para Antón Escuredo, “hai bos exemplos que funcionaron a nivel de lectores, aínda que se cadra faltou traballar máis o apartado comercial”. Para Escuredo, “está claro que a prensa de

proximidade é o futuro no noso país. Cando *La Voz de Galicia* tentou por varias ocasións entrar na comarca do Condado-Paradanta tivo que desistir. O local é o que dá rendemento. Pouca publicidade é de ámbito galego e a maior parte ven concedida “a dedo”. Os principais xornais galegos teñen a localidade como centro do seu traballo e cando abren territorios continúan aproveitándose dese aspecto sociolóxico tan característico”. Escuredo explica que fóra das nosas fronteiras tamén atopamos modelos semellantes. “Como exemplo ben valería o do xornal *El Punt* que naceu en Girona no ano 1979 e foi incrementando exemplares e comarcas (Maresme, Barcelonés Nord, Penedès y el Vallés Occidental ) ata a súa chegada a Barcelona no ano 2003”. O mesmo pensa Manoel Santos, que afirma que “se queremos cambiar a sociedade, temos que ir dende abaixo, dende os barrios e dende as comarcas. É certo que aquí sempre tivemos necesidade de ter un gran medio nacional, pero si que se pode empezar dende abaixo, dende medios locais. Miras os boletíns locais e parroquiais e están cheos de publicidade. Por que non se fixo aquí? Volvemos ao mesmo, á falta de cultura asociativa no país, temos que construír a sociedade e cando nos decatemos disto igual xa non hai nada que construír”.

En opinión de Rosabel Candal, “o futuro pasa por unha prensa que se fixe máis na información local, metropolitana das grandes cidades e comarcal. A xente quere saber o que pasa ao seu redor, e aí si que hai un oco importante que se pode cubrir, fronte ao que fan as grandes cabeceiras existentes xa, que xa informan a nivel nacional. Agora mesmo hai espazo para que xurdan medios de tipo local-comarcal e poderían ser en galego, por que non?”. De igual xeito, para Montse Dopico, “hai espazo para unha información local alternativa á de *La Voz, El Correo, El Progreso*, etc. Pero para facer iso hai que ter moita, moita xente que poida moverse por aí. E iso é caro”.

Para Fran Pérez Lorenzo, o local e o comarcal son un espazo importante e con futuro; “de feito só os medios impresos que teñen unha forte implantación local son os que sobreviven, en parte porque a publicidade (a pouca que queda) se derivou en exclusiva cara eles”. A información local é moi importante, e en consecuencia é moi cara de producir. É por iso que comeza a ser sacrificada por algunha das grandes cabeceiras galegas con problemas de liquidez, como *La Voz de Galicia*. Polo tanto, para o xornalista “renunciar ao local non semella hoxe unha boa idea, se ben a estrutura de edicións, ademais de caduca, estase revelando insustentábel”. Para Fran Pérez Lorenzo, “a cuestión pasaría por integrar a información local/comarcal nun contexto galego: integrar, conectar, facer lecturas conxuntas.... Sumar en definitivo e facelo en rede”. De igual xeito, para Duarte Romero en Galiza hai un enorme

interese pola información local, polo que nese espazo ve “factíbel manter o papel e darlle unha periodicidade semanal, quincenal ou mensual. Iso si, para soste-lo que importa é ter contactos entre o comercio e o empresariado local para garantir a inversión publicitaria”. Os editores de *Crónica3*, bos coñecedores deste mercado, fan dúas recomendacións: A primeira, que o medio “debe facer escoita activa e devolverlle un sorriso. Os lectores débense sentir partícipes e identificados con algún apartado da publicación”. E a segunda, a atención á información local: “É fácil de ver en algún dixital en activo para o que existe Santiago, a praza da Quintana, algo máis por aí, e acabouse o mundo”. Ramón Vilar, de *Vieiros*, recoñece que “os medios en galego descoidamos moito todo o que pasaba fóra de Santiago, A Coruña e Vigo” e conclúe: “Habería que chegar a unha estruturación de abaixo a arriba, construíndo un medio nacional a partir de medios de ámbito comarcal. O que pasa é que estes medios locais están moi ligados economicamente á vontade política dos concellos. Así é moi complicado facer xornalismo. Van quedar baleiros comarcais moi importantes. No momento no que os grandes medios van recurtar moito nas súas edicións locais ou fusionar edicións. Hai comarcas cun gran hábito de información local que os grandes medios non van poder satisfacer xa. Aí ábrese unha boa perspectiva para a prensa comarcal. Aí a crise é unha oportunidade. Hai mercado para iso”.

O mesmo pensa César Lorenzo Gil: “O que pasa coa información local é que aquí as cabeceiras impresas están moi ben asentadas e levan todo o pastel. Pero co dixital rompes a baralla. E podes contar coa xente que xa está traballando nunha comarca dende hai tempo, que coñece ese terreo e establecer alianzas. E hai vilas medias, cunha mocidade galegofalante e que hai anos que se conecta a Internet, que se informa a través dos xornais das capitais. E aí hai un espazo. Por suposto, con traballo e a medio prazo. Alí onde ti non chegues, hai que colaborar cos demais. E o futuro pasa por aí: por crear sinerxías e tecer redes, ter unha rede de correspondentes locais e buscar o autofinanciamento”.

Para Ubaldo Cerqueiro, “o local é fundamental en Galicia. *La Voz* é un exemplo, e esa é unha das razóns da súa situación de poder e da súa repercusión. O feito de estar en cada casa é o seu maior potencial. Comprobámolo cada día no bar da praza, ollando como os veciños, mentres toman o café, comezan a ler directamente pola edición local de 'Bergantiños, Soneira e Fisterra' e esquecen a información sobre Galicia, española e internacional”. Pola súa banda, Alberto Quián salienta que “ás veces teño a sensación de que me informo mellor a través de determinados blogues sobre unha realidade local que a través dalgúns medios. Os grandes medios non souberon sacar vantaxe da súa posición no ámbito local e os pequenos e medianos

tiveron aspiracións por riba das súas posibilidades e deberes, e atenderon máis ao ámbito global que ao local. Ante a sobreabundancia de información que temos na rede, hai que ter moi claro que o camiño é a segmentación”. Quián salienta que “a min, como consumidor de información, non se me ocorre ir á sección de España de *La Voz* ou de Faro para decatarme por unha nota clonada e sen editar de axencias sobre que pasou no Parlamento español. En Galicia hai carencia de atención á información local, pero tamén hai que entender que esa información local hai que conectala coas doutras localidades para entender a realidade do país”. Do mesmo xeito, Henrique Sanfiz, de Radiofusión, salienta o nacemento de xornais dixitais locais en galego, “que están tendo un éxito de audiencia e unha fidelización moi importante. Aproveitando a súa implantación local e un certo voluntarismo van adiante, pero se logran manter unha base de anunciantes locais, poden crecer moito. O salto ao profesionalismo non é tan complicado, porque os custes son baixos, e esa masa de lectores permiten ter anunciantes. Creo que unha saída pasa por combinar estes portais locais cunha estrutura de colaboración e información a nivel galego”.

Miguel Pardo recoñece que as cabeceiras desaparecidas desatenderon o local, pero afirma que “é difícil competir nese ámbito contra medios en papel e as súas versións dixitais que levan anos tratando os temas máis achegados a determinados núcleos sociais”. De todos os xeitos, o xornalista aposta “polos medios nacionais, por vontade de construír país e, a partir de aí, irse espallando cara a ámbitos máis locais”. O mesmo pensa David Lombao, que cre que “as redes sociais e a tecnoloxía poden dar unha nova dimensión do local, aínda que vexo moi necesaria, máis que nunca a vocación nacional galega dos medios”. Rodri Suárez apunta na mesma dirección: “A posibilidade de colaboración entre un modelo local e o nacional está pouco traballada (quizais *Galicia Confidencial* anda algo por aí) e semella moi interesante. Optar polo traballo en rede, mantendo cada un as súas características, pode ser un bo xeito de comezar a reconstrución. Mais se teño que elixir entre papá ou mamá, recoñezo que vexo sempre máis importante un medio a nivel de país, que axude a conformar un espazo xornalístico nacional pero que non teña medo á hora de darlle máis relevancia a un problema veciñal nunha zona montañosa de Ourense que a un accidente de moto no centro de Vigo”.

## **Bibliografía:**

ÁLVAREZ POUSA, Luis, *Os medios de comunicación galegos e a lingua galega. En Xornadas de Formación en Lingua Galega para os Equipos de Normalización Lingüística nos centros educativos*, Dirección Xeral de Política Lingüística, Santiago, 1994.

COORDINADOR, *Actas dos II Encontros de Normalización Lingüística*, Consello da Cultura Galega, Santiago, 1999.

COORDINADOR, *Actas dos III Encontros de Normalización Lingüística*, Consello da Cultura Galega, Santiago, 2000.

COORDINADOR, *Actas dos IV Encontros de Normalización Lingüística*. Consello da Cultura Galega, Santiago, 2002.

COORDINADOR, *Sobre a situación da lingua*. Consello da Cultura Galega, Santiago, 1990.

RAMALLO, Fernando e REI DOVAL, Gabriel, *Publicidade e lingua galega*, Consello da Cultura Galega, Santiago, 1995

RAMALLO, Fernando, *O Galego na publicidade*, en *Actas dos IV Encontros de Normalización Lingüística*, Consello da Cultura Galega, Santiago, 2002.

RAMALLO, Fernando, *Vender en galego*. Consello da Cultura Galega, Santiago, 1997.

VV.AA., *A información en galego*, Ed. Lea, Santiago, 1996.

ÁLVAREZ POUSA, L. (1999), *Prensa ameazada. Desde a transición ó fraguismo*, Santiago de Compostela, Edicións Lea.

ÁLVAREZ POUSA, L. (2000), «Poder e lingua nos medios», *Tempos Novos* 36, 44-47.

HERMIDA GULÍAS, C. (2004a), «A lingua da publicidade», en R. ÁLVAREZ BLANCO, F. FERNÁNDEZ REI & A. SANTAMARINA (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade*, vol. 2, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 361-78.

HERMIDA GULÍAS, C. (2004b), «Presenza do galego nos medios de comunicación», en X. LÓPEZ (coord.), *A comunicación en Galicia 2004*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 131-48.

RIVAS, M. (1989), «Prensa e lingua: o presente xa non se ten en pé», *Encrucillada* 62.

RODRÍGUEZ, M. A. (1996), «A Xunta amamanta á prensa», *Galicia Internacional* 11.

## CONCLUSIÓNS

A primeira conclusión á que podemos chegar, analizando os medios escritos en galego que continúan e os que desapareceron, tanto a nivel xornalístico como social e económico, é que non hai un factor único que explique a súa debilidade. Os medios son moi diversos, tanto por dimensión, traxectoria, soporte e mesmo ámbito temático e alcance xeográfico, pero o que caracteriza (case) todas as apostas xornalísticas en galego nos últimos anos é a súa precariedade de medios, o seu relativo amateurismo, e a súa debilidade económica en xeral, incapaces de competir coas cabeceiras da competencia, máis asentadas socialmente ou con meirandes apoios.

Podemos dicir que se fixo mal (case) todo nun escenario no que para ter éxito hai facer (case) todo ben. Porque para analizar as razóns do peche destas cabeceiras hai que ter en conta o contexto mediático, económico, sociopolítico e sociolingüístico no que desenvolveron a súa actividade. O mercado da prensa en Galicia é moi pechado, con cabeceiras moi asentadas territorialmente e cunha gran ligazón cos poderes políticos e financeiros locais, con hábitos de compra entre os lectores e de relación comercial cos anunciantes moi consolidados. Un mercado, ademais, falseado pola intervención dos poderes públicos no sostemento artificial, vía subvención, convenios ou publicidade institucional, de moitas destas cabeceiras, que a maiores, valéndose desa posición de vantaxe levan a cabo accións de competencia desleal tanto no xornalístico coma no comercial (redución de prezos das insercións publicitarias até afogar a competencia, ofertas de publicidade online de balde para os anunciantes en papel...). Todo, ademais, nun contexto de crise xeral da prensa impresa, con dificultades para atopar lectores de menos de corenta anos e no medio dunha brutal crise publicitaria.

Estes elementos déixanos un escenario que fai difícil a existencia xa non de medios en galego, senón en xeral a aparición de novos actores que rachen a estrutura mediática galega, case inamovible nos últimos cincuenta anos. Tan só cunha aposta económica moi forte e continuada (que só se deu en certa medida no caso de *Xornal*) ou como unha resposta a unha demanda moi intensa dun grupo social moi amplo que se considere desatendido nos medios existentes, sería posible a consolidación de novas cabeceiras, tamén en galego. Estes factores non explican o peche das cabeceiras en lingua galega, pero dende logo supuxeron un elemento de presión máis para estes medios. Nun escenario de maiores dificultades son os medios máis débiles e pequenos os primeiros en ver ameazada a súa supervivencia.



Hai que preguntarse, polo tanto, até que punto existe unha demanda de novos medios en Galicia, e de medios en lingua galega en concreto, e se esa demanda procede dun número de persoas suficientemente amplo e é realmente intensa. Se non a hai, ou se habéndoa non é quen de vehiculizarse para dar luz a novos proxectos xornalísticos que lle dean resposta, teríamos que concluír que a debilidade dos medios en lingua galega ou a inexistencia dun espazo galego de comunicación están provocadas pola falta de dinamismo da sociedade galega.

### **DEMANDA SOCIAL**

Como dicimos, para que haxa medios en galego ten que haber unha demanda social ampla. Asumindo que a haxa, os proxectos xornalísticos necesitarían superar todos os obstáculos descritos anteriormente e, a maiores, o suposto obstáculo do uso da lingua galega para ser quen de seducir a esa masa de lectores. Porén, outra das conclusións ás que chegamos é que a lingua galega funciona cada vez menos como un obstáculo, nin sequera para acceder a un público castelanfalante; o que pode ser un obstáculo é a representación que o propio medio faga de si mesmo como 'medio en galego' posto como o seu principal valor, no canto de salientar outras virtudes xornalísticas ou de representación social. Se cadra, o obstáculo non está no propio uso da lingua senón na autorrepresentación de que un medio, ademais de cumprir mellor ou peor a súa función informativa, está cumprindo, ademais, unha función política de construción de Galicia ou de normalización lingüística.

Algunhas cabeceiras non só non loitaron contra isto, que se acabou demostrando como un lastre interno e externo, senón que o potenciaron, chamando á sociedade galega a consumir ese medio non pola súa calidade, senón a través dunha apelación á lealdade á lingua. Unha vía de futuro quizais sexa activar o prestixio do produto informativo como banderín de enganche de novos lectores sexan galegofalantes ou non. Vía que está sendo explorada con toda normalidade por moitas cabeceiras locais e comarcais, que se dedican, simplemente, a informar do que ocorre na súa contorna, converténdose en medios de referencia para todo tipo de públicos independentemente da súa escolla lingüística persoal.

### **XESTIÓN XORNALÍSTICA**

Para que un medio novo triunfe en Galicia, empregue a lingua que empregue, ten que facer bo xornalismo, atopar vías de financiamento axeitadas e desenvolver estratexias de conexión coa sociedade axeitadas. O mesmo que en calquera outro país, pero se cadra nun escenario máis difícil que noutros territorios. A explicación aos peches concretos non hai que buscala só nunha mala xestión xornalística. Houbo erros que afectan ao funcionamento profesional e aos contidos publicados.

A debilidade xornalística dos proxectos, así coma as dificultades para chegar aos lectores –para fidelizar os máis afíns, primeiro, e para rachar as fronteiras e círculos máis próximos, en segundo lugar–, deron lugar a medios de escasa influencia, e pequenas estruturas económicas e xornalísticas, nun círculo vicioso, que acababa redundando en erros profesionais. Renunciouse a certas temáticas de impacto político e económico –seccións de economía fortes– e de impacto social –deportes, local–.

Malia existir unha demanda real de medios en galego, moitos lectores e xornalistas cren que non abonda só con escribir en galego e que moitas das iniciativas que quedaron polo camiño foron incapaces de se converter en medios de referencia, no primeiro medio para os seus lectores, en marcar a axenda informativa, ou cando menos de ofrecérenlles aos lectores contidos co suficiente interese para fidelizalos como lectores ou compradores, alén da afinidade lingüística ou ideolóxica. Houbo erros no modelo xornalístico escollido: seccións desatendidas, superficialidade, escasa especialización. Tamén se pode advertir que nalgúns cabeceiras optaron por un tratamento de moitas informacións superficial; nomeadamente en certas seccións que deberían ser fundamentais, como economía, ciencia ou deportes.

As publicacións en galego non conseguiron converterse en medios de referencia, nin ofrecerlles aos seus lectores un relato da actualidade suficientemente amplo e abrangente e cunha calidade necesaria para competir en pé de igualdade coas restantes cabeceiras xeralistas, líderes en candan seu territorio de influencia. Os medios en galego non pasaron de ser “segundos medios”, “medios complementarios” ou de “contraste informativo”.

Os medios en galego en xeral tiñan dificultades para ampliar os temas da axenda oficial e oficiosa que sinalan os grandes medios en castelán, e en realidade non eran máis flexibles para

facer converxer a axenda de preocupacións cidadáns coa axenda de preocupacións mediática. Polo tanto, eran igualmente febles para autonomizarse ou condicionar a axenda política.

Non ser medios de referencia ou “primeiros medios” para case ningún lector impediu que estas cabeceiras chegasen de forma continuada ou fiel a un número amplo de lectores, a unha audiencia masiva o que tamén limitaba o seu atractivo publicitario.

En xeral, os medios en galego funcionaron en moitos momentos baixo a síndrome do lector baleiro (a idea que os lectores galegofalantes/comprometidos coa lingua unicamente se informan nos medios en galego), obviando a súa posición de desvantaxe competitiva fronte aos medios en castelán. Esta análise obviou que a inmensa maioría dos lectores das cabeceiras en galego, por moi comprometidos que estivesen coa lingua, se informaban tamén na prensa en castelán (en moitos casos de forma preferente).

## **XESTIÓN SOCIAL**

A pesar da suposta demanda social de medios en galego, as cabeceiras atoparon unha escasa resposta da comunidade implicada, ao tempo que moitas veces os xornalistas gastaban excesivos esforzos en cumprir unha función política de representación dese espazo, por riba de destacar virtudes xornalísticas.

Os medios en galego bateron tamén cun compromiso brando mesmo de sectores sociais que reclaman activamente medios en lingua propia pero que non está disposta a pagar por eles, aínda que é no lector, no comprador e subscritor onde radica a seguridade de que eses medios poidan garantir a súa sustentabilidade e independencia informativa

Algunhas cabeceiras foron incapaces de deberse aos seus lectores concretos, limitándose a funcionar como medios expresivos da súa comunidade lectora. En xeral, detectouse falta de diálogo e interrelación, de interpelación igualmente, en relación aos lectores sobre os que se asentaban ou deberían terse asentado os proxectos.

## **XESTIÓN ECONÓMICA**

No informe elaborado por Peón e Doporto achéganse indicios que apuntan un claro medre das axudas públicas aos medios en galego no período 2005 a 2008, coincidindo co goberno bipartito na Xunta. Entre os anos 2000 e 2004, no período de Goberno de Fraga Iribarne hai unha tendencia a estabilidade para o conxunto do universo estudado, entre os 982,657 euros do ano 2003 e os 438,350 euros do ano 2004. En todo o período non se declararon ingresos no epígrafe superiores ao 1M euros. No ano 2005 prodúcese un salto significativo e os valores roldan os 2M euros (picos de 2,69M e de 1,54M euros). Finalmente, coa chegada á presidencia de Alberto Núñez Feijoo prodúcese unha caída que reduce este epígrafe a 1,32M euros.

Unha vez analizados os resultados sobre as distintas empresas, obsérvase que os medios que se viron mais beneficiados das mesmas son os que entraron en concurso unha vez que desapareceron, e non foron capaces de adaptarse a unha situación de mercado que retornou aos niveis de principio da década.

Os case catro anos de goberno Bipartito significaron un aumento das axudas directas aos medios en galego, e supuxeron un incremento máis importante noutro tipo de achegas públicas (publicidade, convenios, visibilidade...), aínda que nuns casos máis ca noutros e nunha medida inferior á esperada e reclamada polas cabeceiras. As empresas informativas que editaban medios en galego elevaron a dimensión das súas redaccións, fixeron apostas xornalísticas e societarias e, en xeral, incrementaron os seus gastos, mellorando os seus produtos. Estas estratexias deixaron nalgúns casos importantes débedas que a redución do apoio público despois de marzo de 2009, a caída do mercado publicitario provocada pola crise económica e outros factores, coma a desaparición das dúas principais caixas de aforros, fixeron imposibles de remontar. Neste tempo houbo erros na estratexia de crecemento e que evidencia que houbo medios que confiaron demasiado na relación co poder afín e na súa continuidade, no canto de apostar por estratexias máis axustadas á realidade do mercado e da súa propia comunidade lectora.

## **DEBILIDADE EMPRESARIAL**

Entre as cabeceiras en lingua galega, sobre todo entre as que desapareceron, atopamos pouco exemplos nos que a edición dese medio de comunicación fose a finalidade principal ou o grosso do volume de negocios da empresa que o promovía. Si o é no caso de *Tempos Novos*, *O Sil*,

*Galicia Confidencial* ou *Novas da Galiza*, e si o era no caso de *A Peneira*. Porén, se analizamos caso por caso o resto das cabeceiras que pecharon nos últimos dous anos, atopamos con que nin *Vieiros*, nin *A Nosa Terra*, nin *GZNación. De Luns a venres* (nunha posición complementaria respecto de *El Progreso*) ou *Galicia Hoxe* (respecto de *El Correo Gallego*) tampouco ocupaban espazos de centralidade dentro das súas empresas.

Na dimensión empresarial, predominou a ausencia de plans de negocio solventes e a dependencia de actores externos. Salienta a significativa incapacidade de xerar beneficios das empresas onde a edición en galego e a base do modelo de negocio e destácase que a estrutura de propiedade das distintas empresas, de carácter familiar ou ben onde os propietarios son traballadores a un tempo, fai que a prioridade non sexa a obtención de beneficios senón o mantemento no tempo do negocio, de xeito que a retirada de beneficios se realice vía salarios en moitos casos. No caso dos medios que operan exclusiva ou fundamentalmente na rede, a súa mantenza é sostida máis polo voluntarismo dos seus partícipes que pola rendibilidade do negocio, á espera de que se consoliden modelos de negocio máis rendibles en Internet.

No momento actual, no que polo cambio do modelo de negocio da prensa –transición dixital e fragmentación de mercados e audiencias– e pola propia crise económica, as marxes de beneficios posibles das empresas informativas son moito máis reducidas do que o foron nas últimas catro décadas. Podemos chegar a esta conclusión a través da análise micro do espazo galego de comunicación, pero en xeral atopamos exemplos de todas as dimensións nas que a inestabilidade xerada pola dependencia de decisións empresarias totalmente alleas ao funcionamento normal dun medio de comunicación acaban co peche de medios que noutras circunstancias poderían terse asentado no seu mercado. Dito doutro xeito, os medios de comunicación fanse a lume lento, necesitan tempo para fidelizar aos seus lectores e anunciantes e gañar credibilidade; por moi inestable que sexa o negocio da prensa, moito máis inestable é depender de negocios alleos que nun momento determinado poden decidir o fin dun proxecto xornalístico.

No entanto, existe un considerable mercado para medios que publiquen en galego, cun mínimo de quince mil lectores diarios para os medios escritos e máis do dobre para os medios dixitais. A través dos datos analizados David Peón e Xabier Doporto observan que, coa estrutura típica de custos existente na actualidade, unha empresa tería que facturar de media por riba dos 140.000 euros para ser rendible, non desbotando importes menores para

estruturas de custes mais liviáns. Porén, moitas das cabeceiras non foron quen de chegar a esas cifras, entrando en situacións de endebedamento que acabaron co seu peche.

## **O FUTURO**

A rede e os ámbitos especializados e locais apúntanse como saídas. Parece que nestes dous últimos anos se perdeu unha oportunidade, que se fora construindo na década anterior, de configurar un espazo de comunicación en galego na rede, cando menos á mesma altura que o castelán, que non contaba con iniciativas dixitais nativas profesionalizadas e as propias transposicións das edicións en papel das cabeceiras impresas. Así e todo, o xornalismo dixital segue buscando o seu modelo de negocio, nun escenario aínda precario. O bo da rede é que supón un punto de partida máis igualitario, menos predeterminado, para pensar nunha futura estrutura mediática galega e en galego na rede.

Debido ao incremento do número de fontes informativas, as crecentes posibilidades para acceder a elas dende calquera lugar e á consecuente necesidade de crear lazos coa audiencia para convertelos en lectores fieis, os medios terán que abandonar os modelos de un-medio-para-todos-que-trate-todos-os-temas-e-informe-sobre-todos-os-lugares. Para ser competitivos e crear valor económico, os medios necesitan incrementar a súa diferenciación e exclusividade. A vía máis efectiva para facelo é crear valor a través da cobertura local e ligando o medio coas vidas, aspiracións e formas de ver o mundo dos habitantes dun lugar, o tipo de cobertura que outros medios non poden facer.

O mercado aínda non está maduro, pero o xornalismo dixital poder autosustentable. Para a prensa dixital galega a posibilidade de cobrar polo acceso é hoxe un imposible mentres non se cree un hábito nos xornais de referencia madrileños e as cabeceiras galegas non ofrezan contidos de máis calidade ou máis especializados. A vía da obtención de ingresos suficientes para garantir a sustentabilidade a través da publicidade a día de hoxe tamén parece vedada.

O local e o comarcal son un espazo importante e con futuro; de feito só os medios impresos que teñen unha forte implantación local son os que sobreviven. No momento no que os grandes medios van recurtar moito nas súas edicións locais ou fusionar edicións e hai comarcas cun gran hábito de información local que os grandes medios non van poder satisfacer xa. Aí ábrese unha boa perspectiva para a prensa comarcal. Aí a crise é unha oportunidade.

**INFORME ECONÓMICO  
OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN EN GALEGO**

**Xabier Doporto e David Peón**

## Resumo

A situación dos medios de comunicación que empregan o galego como vehículo de comunicación é preocupante, tras o peche de diversas cabeceiras históricas que vehiculizaban a información na nosa lingua. O presente informe pretende aportar unha interpretación ao respecto mediante unha análise económico - financeira das distintas empresas editoras deses medios.

Neste sentido, as empresas analizadas son Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S.A. ('Tempos Novos'), Carrumeiro Media S.A. ('GZNación'), Edicións A Peneira Condado S.A. ('A Peneira'), Editorial Compostela S.A. ('Galicia Hoxe'), El Progreso de Lugo S.L. ('LV de luns a venres'), Galicia Confidencial S.L. ('Galicia Confidencial'), Garherve S.L. ('O Sil'), Minho Media S. L. ('Novas da Galiza'), Promocións Culturais Galegas S.A. ('A Nosa Terra'), e Vieiros Información en Rede S.L. ('Vieiros'). Todas teñen en común a edición na pasada década dalgún medio de comunicación en galego.

A estrutura do informe é a seguinte. O punto I.- introdutorio presenta o obxectivo do informe: abordar unha análise das causas (internas e externas) e síntomas da difícil situación que atravesa o sector. O punto II.- especifica os dez grupos empresariais obxectivo do informe, así como unha serie de consideracións a respecto do tratamento de datos analizados. No punto III.- detállase o marco teórico e metodoloxía de estudo empregada. O marco empregado na análise consiste fundamentalmente na avaliación mediante ratios financeiras dos estados de situación (balance) e de fluxos (conta de resultados) das empresas obxecto de estudo. No punto IV.- ofrécese tanto unha situación panorámica global do sector, como unha análise individual de cada empresa –en base a series temporais- e transversal do universo de estudo. O punto V.- conclúe cunha análise da sustentabilidade do modelo de negocio en cada caso.

A continuación seguen as principais conclusións do informe.



### **Reducida dimensión das empresas do sector.**

O grupo de empresas resulta moi heteroxéneo, sendo que nunha primeira análise da dimensión (en termos de volume de activos, ingresos anuais e resultados) podemos distinguir claramente 3 grupos de estudo: grandes, medianos e pequenos. Así, en base ao tamaño do balance, Editorial Compostela e El Progreso de Lugo teñen tamaños medios de entre 15M e 20M de euros, que contrastan coa reducida dimensión de grupos como Galicia Confidencial ou Minho Media. De todos xeitos, deben terse en conta dúas cuestións:

- A edición en galego dos grupos Editorial Compostela e El Progreso, “Galicia Hoxe” e “De Luns a Venres”, é marxinal, tendo en conta que os respectivos xornais en castelán (“El Correo Gallego” e “El Progreso de Lugo”) representan o cerne dos mesmos. Podemos aseverar que o aporte á cifra de vendas de ambos grupos non superaría en ningún caso o 10%. Concretamente no grupo Progreso, que conta co maior medio de comunicación en galego, “Galicia Proxectos de Comunicación SL”, filial que edita “De Luns a Venres”, aportaba en 2009 un 9,75 % da cifra de negocio do grupo.
- Se comparamos os grupos mais grandes cos líderes en Galicia do sector (“La Voz de Galicia” e “Faro de Vigo”) constatamos a súa reducida dimensión, tendo ademais en conta que aqueles son de tamaño medio a nivel estatal.

Polo tanto, contrástase que **as empresas xornalísticas en galego teñen todas elas unha reducida dimensión.**

### **Rendibilidade escasa**

En termos de resultados resulta confirmada a significativa **incapacidade de xerar beneficios** das empresas onde a edición en galego é a base do modelo de negocio. Así, nos últimos 10 anos só Garherve conseguiu uns resultados medios positivos. Os outros dous grupos con beneficios – Progreso e Compostela- teñen por base fundamental do seu negocio outros xornais que non son os editados en galego, mentras a filial do grupo Progreso editora de ‘de Luns a Venres’ está en perdas dende a súa fundación e o xornal “Galicia Hoxe” xa desapareceu en papel.

Destácase que dada a estrutura de propiedade das distintas empresas, de carácter familiar ou ben onde os propietarios son traballadores a un tempo, fai que a prioridade non sexa a obtención de beneficios senón o mantemento no tempo do negocio, de xeito que a **retirada de beneficios se realice vía salarios** en moitos casos.

E de destacar así mesmo a **falta de datos e de consistencia dos medios que publican en internet exclusivamente**. De moitos deles non se conseguiron datos económico – financeiros, e os que foron facilitados mostran un tamaño reducido e un modelo de negocio non consolidado. Isto leva a crer que a súa mantenza veña mais polo voluntarismo dos seus partícipes que pola rendibilidade do negocio.

#### **Modelos de negocio moi dispares.**

Dende unha segunda perspectiva, apréciase unha **diverxencia bastante forte entre as estratexias de cada unha das empresas**. Por unha banda, empresas que apostan por abranguer o mercado galego no seu conxunto ou mercados comarcais (Garherve ou A Peneira). Por outra, empresas centradas en edición en papel diaria, semanal ou mensual, e outras centradas na edición dixital. E por último, empresas adicadas en exclusiva a temas xornalísticos, empresas que se adican a outros ámbitos (edición de libros ou organización de eventos) ou empresas que apostaron pola especialización nun ámbito (Tempos Novos co ámbito político).


#### **Volume de mercado.**

A pesar do concurso de varias das empresas estudadas e o peche de varios dos medios de comunicación analizados, conséntase que **existe un considerable mercado para medios que publiquen en galego** coas excepcións que faremos a continuación. Obviando o caso de Editorial Compostela –xornal ‘Galicia Hoxe’- dado que carecemos de datos (se ben as cifras de difusión que se teñen comentado apuntan a un volume de negocio marxinal), e sumando o facturado de media polo resto de empresas<sup>1</sup> vemos que estamos a falar dun volume total duns 1,750,000 euros. A través dos datos analizados observamos que, coa estrutura típica de custos existente na actualidade, unha empresa tería que facturar de media por riba dos 140,000 euros para ser rendible, non desbotando importes menores para estruturas de custes mais liviáns.

---

<sup>1</sup> Calcúlase sumando a facturación media de Galicia Proxectos de Comunicación SL (editora de DeLunsAVenres) 1,063,879 €; Garherve SL 198,864 €; A Peneira SA, 149,696 €; Atlántica 147,441 € e engadindo o 10 % do facturado por Promocións Culturais Galegas que estimamos sería o correspondente ao semanario A Nosa Terra, uns 197,135 €.

## Volume Ingresos dos Xornais en Galego



### Especialización xeográfica

A vía utilizada por varios dos medios analizados foi buscar un **nicho de mercado pasando pola especialización xeográfica**, concretamente A Peneira SA e Garherve SL, procurando centrarse nun ámbito xeográfico concreto. Representan o 19,84 % dos ingresos medios dos medios de comunicación en galego estudados. Vemos que este é un proceso que se está a producir en todo o país aínda que non con medios exclusivamente en galego ('El Metropolitano' -zona A Coruña, Betanzos, Santiago-; 'O Periódico de Lalín' -Interior da provincia de Pontevedra-; o propio O Sil de Garherve SL -Oeste Ourense-; etc...). Nalgúns deses casos a utilización do galego vese como un valor engadido polo mercado ao cal van dirixido e levan á utilización do mesmo dun xeito natural. Trátase de medios cunha periodicidade superior á diaria e que poden financiarse ás veces exclusivamente con publicidade. Característica común é que a súa situación e mercado está fora das sete principais cidades do país.

O limiar de rendibilidade sería similar ao explicado no punto anterior, o que fai que teñan que centrarse en máis dunha comarca para ser viables. Evidentemente aquí non consideramos o facturado polos medios non estudados pero se extrapolamos as medias facturadas por A Peneira e Garherve, estaríamos a falar dun mercado paralelo ao global galego que aínda tería potencial de medre e consolidación.

## **Especialización sectorial**

Por outra banda apréciase tamén unha segunda vía de busca **de nichos de mercado vía especialización sectorial**. No universo utilizado vemos que varios dos medios buscan a especialización política, concretamente Atlántica -Tempos Novos- e Minho Media -Novas da Galiza-, que ademais o están en *targets* diferentes do mercado. Cremos cos datos do informe que o limiar de rendibilidade tamén se atopa por riba dos 140,000 euros de ingresos como no tipo anterior.

De todos os xeitos, existen outras revistas que non temos analizado pola súa especialización e que poderían configurar a nivel agregado unha vía de negocio e de viabilidade para os medios en galego (Casa Nova -revista decoración-, Vía Nova -revista viaxes-, Caza e Pesca galega; Retranca -humor en galego-; etc...) a nivel agregado; así como a subcontratación de edición de revistas para organismos que non teñen capacidade para iso (Asociacións de todo tipo, Administración en xeral, Empresas).

## **O perigo das axudas públicas**

Un punto importante que vemos en relación coas empresas analizadas, pasa por analizar as axudas públicas a nivel de subvencións, de compras directas e de publicidade recibidas ao longo da década. Aportamos indicios que apuntan un claro medre no período 2005 a 2008, coincidindo co goberno bipartito na Xunta.

Unha vez analizados os resultados sobre as distintas empresas, **obsérvase que os medios que se viron mais beneficiados das mesmas son os que entraron en concurso unha vez que desapareceron**, e non foron capaces de adaptarse a unha situación de mercado que retornou aos niveis de principio da década. Sen entrar a valorar a dependencia dos medios (tanto en galego como en castelán) das subvencións e ingresos da administración, si resulta especialmente relevante apuntar como decisións empresariais tomadas nun contexto favorable (incrementos da dimensión empresarial, abertura de novos mercados, etc.) poden resultar moi contraproducentes cando os apoios públicos ou a situación de mercado revirten. Son especialmente significativos os casos de Promocións Culturais Galegas, Carrumeiro Media e A Peneira, como se detallará no informe a continuación.

## Principais resultados por empresa

Editorial Compostela, S.A. ('Galicia Hoxe') mostra un certo estancamento de negocio desde 2005, agudizado en 2009, un nivel de capitalización baixo e unha reducida capacidade de xestión do ciclo. El Progreso de Lugo, S.L. ('De luns a venres') é a empresa con mellor situación financeira e evolución de todas as analizadas no informe: fortemente capitalizada, cun endebedamento equilibrado, crecemento orgánico e elevada resistencia ao ciclo económico. Porén, os datos desagregados da empresa editora do xornal gratuito (Galicia Proxectos de Comunicación, S.L.) mostran uns resultados negativos desde o inicio, se ben melloran có tempo.

O peche de Promocións Culturais Galegas, S.A. ('A Nosa Terra') está marcado polo acontecido en dous anos concretos: 2006 e 2009. En 2006 cambia a propiedade da empresa, actualizándose a situación contable da empresa traducida nunha caída de fondos propios de 1,44M eur en 2005 a -130.000 eur en 2006. O incremento de tamaño e negocio dos anos 2007 e 2008 non se traduce nunha corrección da solvencia da empresa, có que o pésimo exercicio de 2009 (-33% en vendas) se traduce nunhas perdas de -550.000 eur, inasumibles para unha empresa xa descapitalizada.

Garherve S.L., ('O Sil') representa o único caso de éxito dentro do universo de empresas con modelo de negocio centrado na publicación en galego. Mostra elevada liquidez, escaso endebedamento e moi boa xestión dos gastos de explotación, e aparentemente a decisión consecuente da dirección de manter o modelo de negocio centrado na comarca de Valdeorras. Carrumeiro Media, S.A. ('GZ Nación'), polo que se deduce dos datos, centraba a súa actividade na organización de eventos, mentras o volume de negocio da edición dixital era marxinal. O negocio esmorece en 2009 por unha forte caída da cifra de negocio en 2009 (relacionada coa menor contratación tras a saída do bipartito) e o mantemento de gastos de persoal desproporcionados para os novos niveis de facturación.

Atlántica de Información e Comunicación de Galicia, S.A. ('Tempos Novos') conta cunha forte capitalización, que contrasta cunha evidente falta de rendibilidade e eficiencia. Os gastos de persoal agochan aparentemente un reparto de beneficios vía salarios, polo que a continuidade deste medio pasa pola mellora de marxes comerciais, ou o compromiso dos socios de recapitalizar a empresa cada certo tempo. A particular situación de A Peneira Condado, S.A. ('A Peneira') fixo especialmente problemático o tratamento de datos inicial,<sup>2</sup> polo que estimamos que os nosos

---

<sup>2</sup> Como se explica no informe, no intervalo de 10 anos a publicación do xornal 'A Peneira' atravesou 3 etapas: de 2000 a agosto de 2006 baixo a empresa Alen Miño e para un mercado local, de agosto de 2006 a 2008 baixo A Peneira Condado para o mercado galego, e de novo en 2009 como Alen Miño ata o peche do xornal.

resultados non son conclusivos. En calquera caso, pódese destacar como probable razón do eventual peche da empresa a aposta en 2006 por unha forte expansión (en termos de dimensión empresarial e de mercado obxectivo) que non se vería correspondida, a partir de 2009, nin coa situación económica nin cós apoios da administración pública cós que viñan contando ata entón.

Por último, Minho Media, S.L. ('Novas da Galiza'), Galicia Confidencial, S.L. ('Galicia Confidencial') e Vieiros Información en Rede, S.L. ('Vieiros') mostran o reducido tamaño e modelo de negocio pouco consolidado, particularmente os medios que publican en internet exclusivamente (Galicia Confidencial e Vieiros). Os datos de Minho Media e Galicia Confidencial sinalan que a súa mantenza depende máis da vocación dos seus impulsores que da rendibilidade do negocio, mentras Vieiros será finalmente excluído do informe por ausencia de datos de análise fiables.

## I.- Introducción

Nun contexto de fonda preocupación polos recentes peches de rotativas en galego e de varias das empresas que sustentaban a edición na nosa lingua, o presente informe –e o complementario a este, asinado por Manuel M. Barreiro e Marcos P. Pena- pretende aportar á sociedade algo de luz sobre a situación do sector en Galicia. Preténdese aquí realizar unha análise económico-financeira que reflecta cal é a situación do mercado en xeral, do sector en particular, e a capacidade das distintas empresas de xestionar o difícil escenario económico que atravesamos nos últimos anos.

A literatura económica sobre o éxito e o fracaso empresarial é ben extensa. De feito, unha preocupación fundamental –senón a principal- da xestión empresarial é coñecer e analizar os múltiples factores que determinarán a capacidade da empresa para conseguir a súa supervivencia nunha contorna hostil (o mercado), proporcionando aos propietarios a retribución suficiente e axeitada aos capitais comprometidos e ao risco asumido ao participar nos negocios da empresa. Nese sentido, o fracaso empresarial pode tomar varias formas –experimentar perdas de xeito continuado, verse abocado á liquidación voluntaria da actividade, suspensión de pagamentos, declaración xurídica de quebra, etc.- pero todas elas reflicten a incapacidade da empresa para cubrir un nicho de mercado, satisfacer as necesidades dos clientes, explotar as súas vantaxes competitivas e, en definitiva, garantir a súa continuidade.

Cabe distinguir así entre causas e síntomas do fracaso empresarial. De entre as **causas**, ou factores que conducen á incapacidade da empresa para satisfacer os seus obxectivos, podemos identificar (Argenti, 1976; Aragónés e González, 1991) dous grandes bloques: causas de tipo interno e causas de tipo externo. As causas externas son cambios, imprevistos ou graduais, tanto de tipo macroeconómico (crecemento do PIB, política monetaria, evolución dos mercados bolsistas, etc.), como mecanismos ligados aos procesos de mercado (e.g., modificación das estruturas de mercado), evolución tecnolóxica, cambios políticos e sociais, etc. Sendo factores sobre os que, en boa medida, a empresa non ten capacidade de influencia, si é responsabilidade da xestión empresarial tentar anticipar os cambios graduais –frente aos cambios imprevistos pouco se pode facer- que se poidan producir, adoptando as estratexias máis axeitadas en cada caso. Por outra banda, as causas de tipo interno fan referencia a circunstancias propias da empresa que determinan a súa eventual incapacidade de cumprir cós seus obxectivos, entre as que podemos distinguir (Rodríguez, 2000):

- a) causas de tipo xeral, como experimentar unha perda significativa de cota de mercado, acometer investimentos que non reportan os beneficios previstos, a obsolescencia do equipo produtivo nunha contorna tecnolóxica cambiante, etc.;
- b) causas relacionadas co grao de información, como ter que facer fronte a contornas complexas e de difícil previsión, ou a situacións repentinas ou accidentais, manter deficientes ou inadecuados sistemas de xestión, etc.;
- c) causas relacionadas coa empresa, referidas ben a eivas estratéxicas (ventas decrecentes, problemas cos clientes, baixa competitividade, deterioro das marxes), ou que evidencian unha xestión defectuosa (custos elevados, elevado endebedamento, problemas de tesouraría, problemas laborais) ou de orde xerárquico (falta de organización, incapacidade directiva, enfrontamento dos accionistas);
- d) outras causas internas, como a insuficiencia en tecnoloxía e control de calidade, defectos nos procesos de produción, problemas de abastecemento, produtos hipermaduros, sistemas de información contable deficientes, falta de resposta ao cambio, etc.

Ben antes de producirse o fracaso, a evidencia de que a actividade empresarial non está a obter os froitos desexados pódese inferir a través dos múltiples **síntomas** do fracaso empresarial: perda de rendibilidade e cota de mercado, deterioro da estrutura de pasivo, problemas de liquidez, perdas continuadas, vendas de activos fixos, non aprobación ou retraso das contas anuais, despedimentos, incumprimentos en pagos fiscais... Brilman (1985), por exemplo, estableceu unha orde cronolóxica dos síntomas conforme van aparecendo:

1. síntomas de avance da crise: clientes ameazados pola competencia, aparición de novos produtos competitivos, risco-país dos clientes, etc.;
2. simultáneos á crise: problemas cós prazos de entrega, calidade e erros de produción, conflitos laborais, empeoramento dos indicadores financeiros, etc.;
3. retardados: non distribución de beneficios, diminución de resultados, perdas, dificultades de tesouraría, cese nos pagamentos, etc.

A información contable e, particularmente, os estados financeiros, son a principal fonte de información coa que contamos sobre a situación financeira de calquera compañía, mostrando os recursos económicos que controla, a súa estrutura financeira, liquidez<sup>3</sup>, solvencia<sup>4</sup> e capacidade de adaptación á contorna na que opera. Xa os modelos clásicos de análise predictiva do fracaso

---

<sup>3</sup> Entendida como a capacidade de atender as obrigas de curto prazo.

<sup>4</sup> Entendida como a capacidade de atender as obrigas de longo prazo.



empresarial (Beaver, 1966; Altman, 1968), así como a maioría das investigacións realizadas desde entón, empregan como variables predictivas as **ratios financeiras**, así como outras variables de tipo cuantitativo (tamaño, antigüidade) ou cualitativo (retraso na presentación das contas anuais, excepcións nos informes de auditoría, capacidade de xestión dos directivos, etc.)

